

LEADER GALIZA 2007 -2013

GDR-18

**Programa de
Desenvolvimento**

ÍNDICE:

I. IDENTIFICACIÓN DO GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL

1. Datos identificativos:

- 1.1. Solicitude para a presentación de candidaturas (Anexo IA).
- 1.2. Copia do DNI representante.
- 1.3. Documentación que acredita a súa representación (certificación do secretario da ADR-MAIV-NAIXO MIÑO).

2. Personalidade xurídica e composición:

- 2.1. Copia compulsada da acta constituínte.
- 2.2. Copia compulsada dos Estatutos.
- 2.3. Copia compulsada do regulamento de réxime interno (non é o caso).
- 2.4. Inscripción do Rexistro de Asociacións dependente da Consellaría de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.
- 2.5. Relación de asociados (Anexo IB e IC).
- 2.6. Composición actual do órgano decisorio (Anexo ID).
- 2.7. Relación de entidades ás que se lle denegou a súa integración (Anexo IE).
- 2.8. Participación social na elaboración do programa (informe e anexo IF).
- 2.9. Declaración de non estar incurso a asociación en ningunha das circunstancias referidas no artigo 10 da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (Anexo IG).

3. Descrición dos medios técnicos e humanos previstos para a xestión do programa:

- 3.1. Equipo Xestor.
- 3.2. Medios técnicos.

II. TERRITORIO DE ACTUACIÓN

1. Identificación do Territorio: GDR-18, sen modificacións.
2. Mapa do territorio.

III. PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO

1. Análise do territorio:

- 1.1. Delimitación territorial e medio natural:
 - a. Situación xeográfica.
 - b. Análise do medio natural (recursos físicos).
- 1.2. Análise sociodemográfica:
 - a. Volume e distribución espacial da poboación.
 - b. Evolución da poboación.
 - c. Estructura demográfica
 - d. Nivel de instrucción.
 - e. Indicadores de calidade de vida.
 - f. Elementos culturais propios do territorio.
- 1.3. Mercado de traballo.
- 1.4. Análise sectorial.
- 1.5. Anexos.

2. Tecido asociativo.

3. Determinación de estrangulamentos e potencialidades.

4. Estratexia territorial:

- 4.1. Enfoque.
- 4.2. Obxectivos.
- 4.3. Actuacións por medida: (Anexos IIA, IIB e IIC).
- 4.4. Indicadores por medida (Anexos IIIA, IIIB e IIID).

5. Complementariedade con outros fondos.

IV. PLAN DE COOPERACIÓN

- 4.1. Enfoque.
- 4.2. Obxectivos.
- 4.3. Coherencia co programa de desenvolvemento.
- 4.4. Actuacións (Anexos IID).
- 4.5. Indicadores (Anexo IIIC).

V. NORMAS PARA A XESTIÓN DO PROGRAMA

1. Límites de axuda máxima.

1.1. Proxectos productivos.

- a. Medida 411 “Dinamización do Sector Agrario e Forestal”:
- b. Medida 413 “Diversificación da Economía Rural e Mellora da Calidade de Vida”:

1.2. Proxectos non productivos.

- a. Medida 412 “Mellora Medioambiental e do Contorno Rural”:
- b. Medida 413 “Diversificación da Economía Rural e Mellora da Calidade de Vida”:

1.3. Categorías de priorización de proxectos non productivos

2. Criterios para a selección e priorización de proxectos.

2.1. Criterios xerais de elixibilidade:

- a. Proxectos elixibles.
- b. Beneficiarios elixibles.
- c. Requisitos de subvencionalidade dos proxectos.

2.2. Baremos:

- a. Baremo para proxectos productivos.
- b. Baremo para proxectos non productivos.

2.3. Corrección da axuda por non execución de proxectos PRODER.

2.4. Cálculo da axuda.

2.5. Selección final dos proxectos.

3. Principios de obxectividade, publicidade, imparcialidade e libre concorrencia.

3.1. Principios xerais de actuación.

3.2. Selección dos proxectos.

3.3. Contratacións.

3.4. Cumprimento da normativa aplicable.

4. O equipo xestor.

4.1. Organigrama.

4.2. Procedemento contratación.

4.3. Incompatibilidades.

5. A Sede.

6. O Plan de comunicación.

6.1. Obxectivos do plan de difusión do programa:

6.2. Identidade corporativa do programa:

6.3. Que comunicar (As mensaxes):

6.4. A quen comunicar (Os públicos destinatarios do plan de comunicación).

6.4. Como comunicar (Canais e medios seleccionados para comunicar).

6.4. Mix de comunicación (Que, a quen, como e cando).

7. Suxeición ás normas e procedementos indicados dende AGADER.

8. Uso da lingua Galega.

VI. PLAN FINANCEIRO

1. Plan financeiro (Anexo IV).

I. IDENTIFICACIÓN DO GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL

1. Datos identificativos:

1.1. Solicitude para a presentación de candidaturas (Anexo IA).

Se achega solicitude (orixinal e unha copia) en formulario normalizado, debidamente cumprimentada, e asinada pola Vicepresidenta da AGDR MAIV BAIXO MIÑO (en ausencia do Presidente).

1.2. Copia do DNI representante.

Se achega copia compulsada do DNI da Vicepresidenta da AGDR MAIV BAIXO MIÑO

1.3. Documentación que acredita a súa representación.

Se achega copia compulsada asinado polo Secretario e o Presidente da AGD MAIV BAIXO MIÑO, no que se certifica a composición da nova Xunta Directiva.

2. Personalidade xurídica e composición:

2.1. Copia compulsada da acta constituínte.

Non se constituíu unha nova asociación. Aproveitouse a asociación existente no territorio MAIV, modificando en profundidade os seus estatutos, renovando os órganos de goberno, e dando cabida a novas entidades, especialmente do Baixo Miño.

Se copia compulsada de documento asinado polo secretario e o presidente da asociación, no que se certifica a modificación dos estatutos.

2.2. Copia compulsada dos Estatutos.

Achégase copia compulsada dos estatutos aprobados, asinados por todos os membros da Xunta Directiva.

2.3. Copia compulsada do regulamento de réxime interno (non é o caso).

O actual regulamento de réxime interno, foi derogado coa aprobación dos novos estatutos, polo que non procede a súa remisión.

2.4. Inscripción do Rexistro de Asociacións dependente da Consellaría de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

A entidade xa está rexistrada. Solicitouse a modificacións dos estatutos para adaptalos á convocatoria LEADER 2007-2013.

A delegación Provincial da Consellería de Xustiza solicitou a modificación da sede social, que producírase na Asemblea Xeral do 18/12/2008.

2.5. Relación de asociados (Anexo IB e IC).

Achéganse anexos IB e base de datos vinculada ó anexo IC.

Algúns dos campos dalgúns rexistros deben ser completados (sobre todo números de NIF e número de socios).

2.6. Composición actual do órgano decisorio (Anexo ID).

Achégase anexo ID.

2.7. Relación de entidades ás que se lle denegou a súa integración (Anexo IE).

Non se lle negou acceso a ningunha entidade,

2.8. Participación social na elaboración do programa (informe e anexo IF).

A participación social na elaboración do programa e na reconfiguración da asociación que o promove (modificación dos seus estatutos) foi máxima.

Neste proceso participativo poden diferenciarse dúas dimensións:

- Dimensión institucional: Fai referencia aos procesos polo que a asociación acabaría abarcando mais territorio, modificando os seus estatutos, dando cabida a novos socios, e renovando todos os seus órganos de goberno.
- Dimensión operativa: Fai referencia a dous grupos de procesos.
 - Procesos polos que o conxunto do tecido socioeconómico analizou a situación de partida do seu territorio, fixou obxectivos e deu prioridade a tipoloxías de proxectos.
 - Procesos polos que os órganos de goberno da asociación (Xunta Directiva e Asemblea), fixaron os obxectivos e tipoloxías definitivos, e as priorizaron a través dós seus respectivos pesos no orzamento global do programa.

a. Preámbulo:

A Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, nas súas xuntanzas do 14/03/2008, tomaron a decisión de postular á ADR-MAIV como entidade promotora no novo programa PRODOR II ADR-MAIV. Dita decisión foi trasladada o conxunto dos Concellos da MAIV e do Baixo Miño, obténdose unha resposta positiva.

Tomada a decisión, invitouse ao conxunto do territorio a participar no proceso. Neste intre, dende AGADER, indicouse que o procedemento elixido non era o correcto, e que era necesario un acto previo conxunto de apoio á idea. Nese intre paralizouse o proceso, e convidouse ao conxunto do territorio a unha xuntanza, que se celebrou en Gondomar o 31/05/2008. Na mesma, obtívose o respaldo unánime dos presentes.

O proceso volvía a estar en marcha.

b. Dimensión institucional:

Para que a asociación puidese participar no novo programa, tiña que sufrir numerosos cambios:

- Ampliar o seu territorio de actuación (e modificar a súa denominación AGDR MAIV BAIXO MIÑO).
- Incluír a novos socios, sobre todo do Baixo Miño.
- Adaptar os seus estatutos ás esixencias do programa (un socio un voto, peso máximo da mesa institucional, participación obrigatoria de determinados colectivos, etc.).
- Renovar os seus órganos de goberno.

Estes cambios producíronse de modo progresivo:

- A Asemblea Xeral (primitiva) aprobou iniciar o proceso de modificación de estatutos, a proposta da Xunta Directiva (para poder ser entidade promotora).
- A Xunta Directiva invitou a tódalas entidades do territorio potencialmente interesadas en participar, a que solicitaran o seu ingreso na asociación, en espera da aprobación dos cambios nos estatutos.
- A Xunta Directiva (primitiva) elaborou un primeiro borrador de estatutos.

- Segundo esixencia estatutaria, o borrador remitiuse a todos os socios (entidades), e elevouse a cada unha das mesas sectoriais, para que fixeran recomendacións.
- A Xunta Directiva (primitiva), integrou as aportacións das mesas sectoriais, e elaborou unha proposta de novos estatutos.
- Remitiuse dito documento ao conxunto de entidades do territorio potencialmente interesadas en participar no programa LEADER 2007-2013, foran ou non socios da ADR-MAIV. Xunto co documento, invitouse ás entidades a participar nunha Asemblea Extraordinaria de modificación de estatutos. As entidades non socios, poderían participar con voz pero sen voto, e poderían presentar emendas a través da Xunta Directiva, e defendelas na Asemblea.
- O 01/08/2008 celebrouse a Asemblea Extraordinaria, na que modificáronse os estatutos o mínimo necesario para cumprir as esixencias de AGADER (unha entidade un voto), e dar entrada aos novos socios (ampliación do ámbito territorial).
- A continuación da Asemblea Extraordinaria, celebrouse unha Asemblea Ordinaria na que se aprobou a entrada de novos socios, principalmente do Baixo Miño.
- As modificacións en profundidade deixáronse para unha segunda Asemblea Xeral Extraordinaria que se celebrou o 22/08/2008, de xeito que nesta ocasión todas as entidades tiveran voz e voto. Nesta xuntanza modificouse en profundidade os estatutos, tratándose mais de 100 emendas.
- Na seguinte semana reuníronse as diferentes mesas sectoriais para elixir aos seus representantes na Xunta Directiva.
- O 01/09/2008, disolveuse a Xunta Directiva primitiva, e tomou posesión a nova, que elixiu entre eles aos seus cargos.
- Finalmente, o día 05/09/2008 ratificouse o texto definitivo de novos estatutos, e a composición da Xunta Directiva.

c. Dimensión operativa:

Tendo en conta os prazos de presentación de candidaturas, non era posible esperar á total modificación da asociación primitiva, para comezar á elaborar o programa.

Así, a Xunta Directiva da ADR-MAIV tomou os seguintes acordos:

- Que ambos procesos (institucional e operativo) deberían ser paralelos
- Que no deseño do programa deberían participar dende o inicio todas as entidades que quixeran.
- Que sería mais operativo organizar o traballo en pequenos grupos.
- Non definir a priori unha metodoloxía única para todos os grupos que se puidesen formar.

O 11/06/2008 organizouse en Tomiño unha xuntanza informal (non foi una Asemblea Xeral), na que invitouse a todas as entidades interesadas (non solo a socios). O resultado desta xuntanza foi:

- Determináronse 7 grupos de traballo.
- Determinouse unha entidade responsable por grupo de traballo.
- Pecháronse as datas de varias das mesas de traballo.

Nas seguintes semanas, os diferentes grupos xuntáronse unha ou dúas veces, definiron a seu xeito de traballar, e chegaron aos seus propios resultados (anéxanse as conclusións individualizadas das mesas de traballo).

Dito proceso reflíctese nos anexos que se achegan nos que se mostran todo o traballo realizado polas distintas mesas sectoriais dentro do proceso participativo.


Entendemos por proceso participativo como unha metodoloxía de actuación que “é ao mesmo tempo unha metodoloxía de investigación e un proceso de intervención social; propón a análise da realidade como unha forma de coñecemento e sensibilización da propia poboación, que pasa a ser, a través deste proceso, suxeito activo e protagonista dun proxecto de desenvolvemento e transformación do seu entorno e realidade máis inmediata”

Deste xeito a asociación, para a elaboración do programa LEADER 2007-2013 empregou un proceso participativo a través de diferentes reunións xerais e sesións ou grupos de traballo.

Co obxecto de adaptar o programa á realidade do territorio, definíndoa a nivel local e cun carácter multisectorial, establecéronse grupos de traballo para elaborar un diagnóstico do territorio, establecer os obxectivos a acadar co programa e as medidas a aplicar durante a execución do mesmo. Para isto organizáronse no territorio dúas reunións por grupo de traballo (salvo as mesa de traballo institucional e montes e medio ambiente que organizáronse doutro xeito):

- Na primeira das sesións cada unha das mesas definiu as debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades que afectan ao seu sector e ao territorio que representaban, para extraer, xunto co equipo dinamizador encargado de organizar o traballo os obxectivos propios de cada temática tratada, os cales, serviron de sustento para a seguinte sesión de traballo.
- Na segunda das sesións e cos obxectivos e a diagnose feita, establecéronse as tipoloxías de proxectos a desenvolver dentro de cada unha das medidas establecidas por AGADER, en función de cada un dos obxectivos e do interese particular de cada mesa de traballo.
- Analizando finalmente o traballo feito no seu conxunto, e calculando o peso de cada un das tipoloxías de proxectos establecidas en cada mesa, o equipo técnico determinou en base o traballo participativo, unha visión global de aqueles proxectos a incluír, así como a súa importancia xeral para o proxecto global Leader do GDR18.

Paralelamente a este proceso e coincidindo coa elección dos representantes por mesas sectoriais, desenvolveuse unha sesión extraordinaria onde se realizou un grupo de discusión por cada unha das mesas sectoriais, para realizar un diagnóstico do tecido asociativo do territorio GDR18.



Con posterioridade o persoal da UPD DA MAIV, que tamén participou nas reunións deste grupo, fixo un traballo de integración que plasmouse en:

- Una DAFO unificada.
- Listados de obxectivos priorizados.
- Listado de tipoloxías de proxecto priorizadas, por medida.

Con esta información, e tendo en conta as limitacións impostas na convocatoria LEADER 2007-2013, o persoal da ODR-MAIV elaborou unha primeira proposta, que foi debatida e modificada, na reunión da Xunta Directiva celebrada o 01/09/2008. Na mesma acordouse:

- Tamaño do programa.
- Orzamento por medida.
- A taxa de cofinanciación media por medida.

Na seguinte Xunta Directiva, celebrada o 05/09/2008, decidiuse as tipoloxías de proxecto por medida, e o orzamento por tipoloxía.

Finalmente, ese mesmo día, a Asemblea Xeral ratificou os acordos acadados pola Xunta Directiva.

d. Listado de accións desenvolvidas:

Achégase anexo IF.

2.9. Declaración de non estar incurso a asociación en ningunha das circunstancias referidas no artigo 10 da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (Anexo IG).

Se achega anexo IG (orixinal e unha copia), debidamente cumprimentado, e asinado pola Vicepresidenta da AGDR MAIV BAIXO MIÑO (en ausencia do Presidente).

3. Descrición dos medios técnicos e humanos previstos para a xestión do programa:

3.1. Equipo Xestor.

Os postos de traballo para a xestión do programa serán:

- 1 Xerente (ou máximo responsable do programa).
- 1 ou 2 técnicos (dependendo do tamaño do programa finalmente aprobado). Dispor de dous técnicos permitiría unha maior diferenciación/especialización entre as actividades de valoración e selección de proxectos, e as de difusión e sensibilización.
- 1 Administrativo - contable.

3.2. Medios técnicos.

a. Sede social e locais.

A asociación tiña a súa sede social no centro de Vigo (Avenida Hispanidade nº 17). Nos novos estatutos, a sede social é un apartado de correos no concello de Gondomar.

Na actualidade estase buscando unha nova sede, a través dun acordo con algunha entidade (Asociación ou Concello), que permita a instalación das oficinas de xestión do novo LEADER 2007-2013.

A día de hoxe, xa existe unha proposta en firme para trasladar a sede e a oficina aos antigos locais sociais da AV de Valadares (Vigo).

Mentres non se tome unha decisión firme, a actividade da asociación desenvolverase na rúa Elduayen nº 36, soto 2, Vigo (Pontevedra).

b. Mobiliarios e medios informáticos.

A Mancomunidade de Vigo cederá á asociación todo o mobiliario e o equipamento ofimático mercado do marco do programa PRODER II ADR-MAIV. Esta cesión será efectiva a partires de data na que se pechará a oficina que actualmente xestiona o programa PRODER.

Respecto ao mobiliario, o seu estado actual permitirá o seu uso durante todo o novo programa LEADER 2007-2013, polo que previsiblemente non será necesario comprar novo equipamento.

Con respecto ao material ofimático, trátase de equipos xa amortizados, con mais de 6 anos de funcionamento, polo que aínda que será posible iniciar o novo programa cos mesmos, será necesaria a súa actualización en breve.

Equipo ofimático:	Mobiliario:
5 ordenadores. 5 pantallas LCD de ordenador (una fora de servicio) 1 lámpada de despacho. 1 impresora multifunción (impresora, fotocopidora, Fax). 4 SAI pequenos (1 avariado), y 1 SAI grande (servidor). 1 Impresora a color (A3). 1 Servidor. 1 disco duro externo. 1 destructora de papel. 1 ordenador portátil. 1 proxector LCD	5 mesas de traballo. 1 mesa grande reunións Xunta Directiva, 15 prazas. 1 perchero 1 armario metálicos para carpetas colgantes. 1 mesa pequena reunións redonda, 4 prazas. 1 carriño carpetas colgantes. 5 cadeiras de traballo. 8 Cadeiras cortesía. 3 papelerías. 5 books con rodas. 4 armarios archivadores. 1 paragüero.

II. TERRITORIO DE ACTUACIÓN

1. Identificación do Territorio.

O territorio de actuación será totalmente coincidente co definido por AGADER como GDR-18.

2. Mapa do territorio.

Achégase mapa do territorio, con identificación a nivel parroquial, e con indicación das parroquias que conteñen algún núcleo excluído.

O mapa pode consultarse no seguinte punto deste mesmo documento:

III. PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO

1. Análise do territorio:

1.1. Delimitación territorial e medio natural:

a. Situación xeográfica.

III. PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO

1. Análise do territorio:

1.1. Delimitación territorial e medio natural:

a. Situación xeográfica.

O territorio de aplicación está localizado na área suroccidental de Galicia, formando parte da provincia de Pontevedra. Está conformado por 15 concellos que son: Baiona, Fornelos de Montes, Gondomar, A Guarda, Mos, Nigrán, Oia, Pazos de Borbén, O Porriño, Redondela, O Rosal, Soutomaior, Tomiño, Tui e Vigo.

Trátase dun territorio bastante heteroxéneo onde se mesturan concellos do interior (Fornelos, Pazos de Borbén, Tui e Tomiño), con concellos costeiros (Baiona, Nigrán, Oia e A Guarda), así como con concellos onde se dan as dúas realidades, a do interior e a costeira (Soutomaior e O Rosal). Este territorio está moi influenciado pola presenza do casco urbano de Vigo, de tal xeito que ás veces é difícil saber onde acaba o urbano e onde empeza o rural, como é o caso dos concellos de Redondela e do Porriño, ou que se ven afectados polas infraestructuras de comunicación ou polas actividades económicas que se xeran ao redor da actividade industrial e de servizos que xera a cidade de Vigo, como é o caso de Gondomar e do Porriño ou Mos. Aínda que tamén se poden atopar amplas zonas de carácter eminentemente rural, con todas as características que as definen (dispersión dos asentamentos, despoboamento, avellentamento, falta de servizos, etc.)

Superficie de cada un dos concellos do territorio do LEADER GDR-18		
Concello	Superficie (km²)	% de superficie con respecto ao total do territorio
Baiona	34,5	3,83%
Fornelos de Montes	83,1	9,23%
Gondomar	74,5	8,28%
Guarda (A)	20,5	2,28%
Mos	53,2	5,91%
Nigrán	34,8	3,87%
Oia	83,3	9,25%
Pazos de Borbén	50,0	5,55%
Porriño (O)	61,2	6,80%
Redondela	52,1	5,79%
Rosal (O)	44,1	4,90%
Soutomaior	25,0	2,78%
Tomiño	106,6	11,84%
Tui	68,3	7,59%
Vigo	109,1	12,12%
TERRITORIO LEADER	900,3	100,00%
Fonte: IGE		


Todo o territorio abarca unha extensión de 900,3 km², estendéndose nunha ampla zona que vai dende a Serra do Seixo no norte, ata a desembocadura do Río Miño, no sur, o que supón unha distancia en liña recta de case 80 km, e que abarca concellos que pertencen á Mancomunidade de Vigo (Baiona, Fornelos de Montes, Mos, Nigrán, Pazos de Borbén, O Porriño, Redondela, Soutomaior e Vigo) e concellos da comarca do Baixo Miño (A Guarda, Oia, O Rosal, Tomiño e Tui).

Se analizamos o grao de concentración ou dispersión dos asentamentos da poboación, podemos ver que o territorio conta cun elevado número de entidades singulares (1.307) e parroquias (129), o que nos dá un indicativo do carácter rural de moitas zonas do territorio, xa que o 93,88% das entidades teñen unha poboación inferior aos 500 habitantes e o 77,89% non pasan dos 200 habitantes.

Segundo o establecido na Resolución do 30 de maio de 2008, dictada por AGADER e que establecen as bases reguladoras do programa LEADER, deste territorio hai que excluír as entidades de poboación de máis de 2.000 habitantes, polo que quedarían excluídas as seguintes entidades singulares¹: Baiona (Baiona), A Guarda (A Guarda), O Porriño (O Porriño), Angorén (Redondela), Laredo (Redondela), Redondela (Redondela), A Calle (Soutomaior), Tui (Tui), Vigo (Vigo), Pereiró (Vigo), Freixeiro (Vigo), A Bagunda (Vigo), A Ceboleira (Vigo), e Pardavila (Vigo).

Dada a imposibilidade de delimitar as entidades singulares de poboación excluídas do territorio elixible para o grupo GDR18 do Leader, no mapa presentado a continuación márcanse as parroquias onde están situadas estas entidades:

¹ Segundo a definición do INE, enténdese por **Entidade singular de poboación** calquera área habitable do termo municipal, habitada ou excepcionalmente deshabitada, claramente diferenciada dentro do mesmo, e que é coñecida por unha denominación específica que a identifica sen posibilidade de confusión.



SOUTOMAIOR

1. Arcade
2. Soutomaior

FORNELOS DE MONTES

3. Calvos
4. As Estacas
5. Fornelos de Montes
6. A Laxe
7. Oitavén
8. Traspielas
9. Ventín

PAZOS DE BORBÉN

10. Amoedo
11. Borbén
12. Cepeda
13. A Ermida
14. Moscoso
15. Nespereira
16. Pazos
17. Xunqueiras

REDONDELA

18. Cabeiro
19. Cedeira
20. Cesantes

21. Chapela
22. Negros
23. Quintela
24. Reboreda
25. Redondela
26. Saxamonte
27. Tramañó
28. Ventosela
29. Vilar de Infesta
30. O Viso

VIGO

31. Alcabre
32. Beade
33. Bembrive
34. Cabral
35. Candeán
36. Castrelos
37. Comesaña
38. Coruxo
39. Lavadores
40. Matamá
41. Navia
42. Oia
43. Sárdoma
44. Saiáns
45. Teis
46. Valadares
47. Vigo Centro
48. Zamáns

NIGRÁN

49. Camos
50. Chandebrito
51. Nigrán
52. Panxón
53. Parada
54. Priegue
55. A Ramallosa

BAIONA

56. Baiña
57. Baredo
58. Baiona (Sta. María de Fora)
59. Baiona (Sta. María)
60. Belesar
61. Sta. Cristina da Ramallosa

GONDOMAR

62. Borreiros
63. Couso
64. Chaín
65. Donas
66. Gondomar
67. Mañufe
68. Morgadáns
69. Peitieiros
70. Vilaza
71. Vincios

MOS

72. Cela
73. Dornelas
74. Guizán
75. Louredo
76. Mos
77. Pereiras

78. Petelos
79. Sanguinèda
80. Tameiga
81. Torroso

O PORRIÑO

82. Atios
83. Budiño
84. Cans
85. Chenlo
86. Mosende
87. Pontellas
88. Porriño
89. Torneiros

OIA

90. Burgueira
91. Lourenzà
92. Mougàs
93. Oia
94. Perdones
95. Viladesuso

TOMIÑO

96. Amorín
97. Barrantes
98. Currás
99. Estás
100. Figueiró
101. Forcadela
102. Goián
103. Pinzàs
104. Piñeiro
105. S. Salvador de Tebra
106. Sobrada
107. Taborda

108. Tebra
109. Tomiño
110. Vilameán

TUI

111. Areas
112. Baldráns
113. Caldelas de Tui
114. Guillarei
115. Malvas
116. Paramos
117. Pazos de Reis
118. Pexegueiro
119. Randufe
120. Rebordáns
121. Ribadelouro
122. Tui

O ROSAL

123. As Eiras
124. O Rosal
125. S. Miguel de Tabagón
126. Tabagón

A GUARDA

127. A Guarda
128. Camposancos
129. Salcidos

b. Análise do medio natural (recursos físicos).

No tocante ao medio natural, hai que ter en conta de que se trata dun espacio físico que abarca unha extensión de 900,3 km² cunha gran variedade de características, pois dentro deste territorio hai concellos de interior cuxo relevo está claramente marcado pola presenza das serras do interior da provincia, como é o caso do concello de Fornelos de Montes e Pazos de Borbén; con concellos tamén de interior enclavados entre vales surcados por ríos, como é o caso de Mos, O Porriño, Gondomar, Tui, Tomiño e O Rosal; e por concellos nos que a presenza do mar ten unha grande influencia na distribución dos seus asentamentos e nas súas características climáticas, como é o caso de A Guarda, Oia, Baiona, Nigrán, Vigo, Redondela e Soutomaior. Isto fai que as características climáticas, os ecosistemas e os asentamentos da poboación, varíen entre os concellos, creando un espacio dunha grande diversidade.

Empezando polo relevo do territorio, hai que dicir que está grandemente marcado pola presenza de pequenas serras costeiras (Serra da Groba, Serra do Argallo e Serra do Galiñeiro), das estribacións das serras que surcan o interior da provincia de Pontevedra (Serra do Suído, Coto de Eiras e Faro de Budiño), así como pola presenza de cursos fluviais, sendo o gran referente o Río Miño, que discorre por todo o sur do territorio e marca a fronteira natural con norte de Portugal, e os seus tributarios, salientando o Río Louro, que forma o Val da Louriña, que abre un corredor natural dende o centro do territorio (Mos e O Porriño) cara o sur.

Polo tanto as altitudes do territorio presentan unha grande variación, indo dende o nivel do mar ata unha altura máxima de 1.055 mts., que se corresponde coa de Pena Redonda en Fornelos de Montes. Ademais, outras elevacións do terreo salientables son as que se atopan entre os concellos de Tui, Gondomar e O Porriño, formada pola Serra do Galiñeiro, onde se atopa o Monte Aloia (629 mts.), e as que se atopan entre os concellos de Baiona, Oia e Tomiño, formada polas serras da Groba e do Argallo, cunhas altitudes máximas de 613 mts.. Na parte centro oriental do territorio hai que salientar a presenza do Monte Galleiro (764 mts.) e o Faro de Budiño (431 mts.), que separan a zona da comarca do Condado.

En canto aos cursos fluviais, tal e como se comentou anteriormente, o Río Miño é o grande referente no territorio, posto que forma a depresión do Baixo Miño e ao mesmo tempo recibe as achegas doutros cursos fluviais que discorren por vales, como é o caso do Louro, ou que se precipitan dende outras serras, como é o Tamuxe, o Furnia, o Pego e o Briña.

Polo norte do territorio discorren os Ríos Oitavén e Verdugo, que atravesan os concellos de Fornelos de Montes e Soutomaior de oeste a este, e que forman a fronteira coa comarca de Pontevedra. No Río Oitavén encóntrase o encoro do Eiras, ao que tamén verte as súas augas o Río Barragán.

No centro do territorio, máis concretamente na comarca do Val Miñor, atópase o Río Miñor, que ten as súas fontes na Serra do Galiñeiro, discorre entre os concellos de Gondomar e Nigrán e ten a súa desembocadura na enseada de Baiona, e o Río Groba, que nace na serra do mesmo nome e vai parar á Sabarís (Baiona).

Por outra banda, ao analizar as zonas de interese natural tamén se pode ver a diversidade do territorio, atopando espazos cun ecosistemas mariños, zonas húmidas e áreas de monte. No primeiro caso estarían o Parque Nacional das illas Atlánticas (Vigo), a enseada de San Simón (Soutomaior e Redondela) e as Illas Estelas (Nigrán), mentres que no segundo estarían as Gándaras de Budiño (O Porriño), a Foz do Miñor (Nigrán e Baiona) e os Esteiros do Río Miño (Tomiño, O Rosal e A Guarda). En canto as áreas de monte, cabe salientar o parque natural do Monte Aloia polo seu valor paisaxístico e pola importancia das especies arbóreas que hai no

seu contorno. Todos estes espacios teñen a condición de espacios naturais protexidos², sendo a figura de protección distinta en cada caso.

De todos estes espacios o que ten unha maior relevancia, tanto pola súa riqueza natural como pola súa proxección a nivel nacional, é o Parque Nacional Illas Atlánticas, que está formado polos arquipélagos de Sálvora (Ribeira), Ons (Bueu) e Cíes (Vigo) e pola Illa de Cortegada (Vilagarcía de Arousa), e constitúe un hábitat único con especies vexetais e animais cunhas características particulares debido á súa situación na entradas das rías de Vigo e Arousa, así como a influencia das correntes mariñas e dos ventos do oeste.



Os outros dous hábitats mariños, a enseada de San Simón e as Illas Estelas, están catalogadas como Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais, por teren importantes poboación de especies animais ou vexetais, como é o caso das praderías de fanerógamas mariñas, coñecidas como sebas, no caso da enseada de San Simón, ou os numerosos exemplares de gaviota patiamarela ou de cetáceos como o golfinho común, o golfinho mular ou a marsopa que habitan as Illas Estelas e as súas augas circundantes.

Polo que atinxe aos humidais, cabe salientar as Gándaras de Budiño e os esteiros do Río Miño, que ocupan unha superficie de 834,17 ha. no caso do primeiro e de 1.688 ha. no caso do segundo, e que presentan importantes formacións de bosque de ribeira e extensas áreas de xunqueiras, con zonas de augas empantanadas que constitúen o hábitat de numerosas especies avícolas.

A Foz do Miño, constitúe un humidal moi particular, pois atópase na parte final do río, dando paso á enseada de Baiona, polo que está moi influenciado pola presenza do mar e conta con especies de aves mariñas e de terra, e ademais constitúe un refuxio para as aves migratorias que están de paso.

Por último, no que atinxe aos espacios de monte, o Monte Aloia é un bo exemplo de parque natural, pois coa a súa declaración en 1978, constituíuse nun referente na zona de espacio natural protexido, contando cunha singular cuberta arbórea que lle confire unha especial beleza paisaxística e un interese turístico e recreativo sobresaínte, pois dispón de miradoiros con amplas vistas panorámicas e una extensa rede de sendas para paseos e zonas de pícnic.

Por outra banda, ao analizar as principais problemáticas relacionadas co medio ambiente hai que salientar tres problemas en concreto: os incendios forestais, os puntos de contaminación e a falta dunha rede de saneamento en numerosos núcleos rurais.

Polo que atinxe aos incendios forestais, estes constituíronse nun dos principais problemas ambientais da zona nos últimos anos, así entre o ano 2001 e o 2006 arderon na zona máis de 6.600 ha., o que representou o 9,73% da superficie do territorio, tendo a maior parte desta superficie cobertura arbórea (61,05% da superficie total queimada), polo que se pode dicir que

² Defínense como espacios naturais protexidos aqueles espacios que conteñan elementos ou sistemas naturais de particular valor, interese ou singularidade, tanto debidos á acción e evolución da natureza coma derivados da actividade humana, e que fosen declarados como tales.

En función dos bens e valores que hai que protexer, os espacios naturais protexidos regulados nesta lei clasifícanse nas seguintes categorías: Reserva natural, Parque nacional, Parque natural, Monumento natural, Humidal protexido, Paisaxe protexida, Zona de especial protección dos valores naturais, Espacio natural de interese local e Espacio privado de interese natural.

ademais de ser un gran problema ambiental, tamén constitúen un gran problema para os produtores de madeira.

En canto aos puntos de contaminación, os tres maiores problemas cos que conta o territorio son os vertedoiros incontrolados existentes nalgúns zonas rurais, tendo especial incidencia nos montes, os vertidos causados polas actividades da pesca e comercial que se están a producir no mar e a contaminación producida por determinadas actividades económicas, debido a que moitas delas non están instaladas en parques ou polígonos industriais que contén con infraestruturas axeitadas para recoller e tratar os seus residuos.

Por último, a falta dunha rede de saneamento en numerosos núcleos rurais é unha cuestión que está moi relacionada co punto anterior, pois ao non haber saneamento estase contribuindo a contaminación dos acuíferos. Segundo datos achegados polo IGE, no ano 2000, había no territorio 74.120 persoas que non tiñan servizo de depuración de augas residuais, o que representaba o 48,32% da poboación do territorio³. Ademais a Ría de Vigo, dada a elevada densidade de poboación que soporta, necesita dunha infraestructura de saneamento que teña capacidade para tratar todo o volume de augas residuais que se xeran.

1.2. Análise sociodemográfica:

Antes de comezar coa análise sociodemográfica débese especificar a influencia da delimitación do territorio no tratamento dos datos estatísticos, xa que dependendo da unidade de selección territorial os efectivos poboacionais variarán. En xeral, pódese afirmar que se se toma a poboación total do territorio MAIV- Baixo Miño, existen 459.855 habitantes, pero se se limita unicamente aos efectivos poboacionais do territorio LEADER elixible estes diminúen ata os 201.715 habitantes, como consecuencia da exclusión de determinadas entidades singulares existentes no territorio que teñen mais de 2.000 habitantes.

Dado que os datos demográficos facilitados polo INE non están desagregados por parroquias ou unidades poboacionais no que se refire á estrutura demográfica, evolución da poboación, movementos naturais, etc., os datos que se presentan a continuación (exceptuando o volume total de poboación) fan referencia unicamente a poboación total por municipio, non podendo reflectir así os datos solicitados no territorio elixible de LEADER. Esta circunstancia é a que xera a realización dun estudio comparativo entre a totalidade dos efectivos poboacionais da totalidade do territorio MAIV- Baixo Miño incluíndo e excluindo a gran urbe de Vigo, xa que nalgúns casos xera distorsión na análise do territorio propio do GDR18.

³ Para estas cifras non se contaron con datos do concello de Vigo, polo que a porcentaxe aquí calculada tampouco ten en conta a poboación deste concello.

a. Volume e distribución espacial da poboación.

Para coñecer a distribución espacial da poboación presentase o reparto porcentual da mesma entre cada un dos concellos que conforman o territorio do GDR18.

Concello	Total poboación territorio total	% concello / total territorio	Total poboación territorio elixible	% concello / total territorio elixible
Baiona	11.839	2,57%	8.909	4,42%
Fornelos de Montes	2.036	0,44%	2.036	1,01%
Gondomar	13.371	2,91%	13.371	6,63%
Guarda (A)	10.356	2,25%	4.172	2,07%
Mos	14.471	3,15%	14.471	7,17%
Nigrán	17.668	3,84%	17.668	8,76%
Oia	3.159	0,69%	3.159	1,57%
Pazos de Borbén	3.145	0,68%	3.145	1,56%
Porriño (O)	16.745	3,64%	12.146	6,02%
Redondela	29.987	6,52%	18.028	8,94%
Rosal (O)	6.402	1,39%	6.402	3,17%
Soutomaior	6.305	1,37%	3.867	1,92%
Tomiño	12.651	2,75%	12.651	6,27%
Tui	16.948	3,69%	11.018	5,46%
Vigo	294.772	64,10%	70.672	35,04%
TOTAL	459.855		201.715	

Pódese observar como é o concello de Vigo, incluso o territorio deste concello formado polo conxunto das parroquias que si son elixibles dentro do programa Leader, o maior núcleo de concentración demográfica do territorio GDR18, aglutinando ao 35,04% os habitantes da mesma. A continuación están os concellos limítrofes a Vigo, Redondela, Nigrán e Mos que teñen uns valores en torno a 7-8%. A continuación estarían os concellos de Baiona Tui, O Porriño e Tomiño cuns valores entre o 4 e o 6% e por último estarían aqueles municipios mais afastados do centro urbano de Vigo que representan uns valores individuais que están entre 1 e 3%.

En conclusión pódese afirmar que o territorio elixible do GDR18 presenta un reparto da poboación que xira en torno ao centro urbano de Vigo e, a medida que nos afastamos del, o peso demográfico dos concello diminúe.

Analizando a densidade de poboación, que indica a concentración da poboación por quilómetro cadrado nun territorio determinado, obsérvase que os concellos de maior densidade están na zona costeira e situados en torno ao centro urbano de Vigo. Se se toma como referencia a densidade de poboación que marca a OCDE para definir un territorio rural, que é 150 hab./km² existen no territorio GDR18 dous grandes grupos, os que están localizados ao redor da cidade de Vigo e na costa (Baiona, Gondomar, Mos, Nigrán, O Porriño, Redondela, Soutomaior, Tui e A Guarda), e os que están mais afastados desta cidade (Fornelos de Montes, Oia, Pazos de Borbén, O Rosal, e Tomiño). Deste último grupo destacan Fornelos de Montes e Oia, cunha densidade de 24,50 e 37,92 hab./km² respectivamente, deixando entrever os problemas de despoboamento.


En conclusión, pódese afirmar que o espacio do GDR18 no seu conxunto, é un territorio densamente poboado, tendo unha media de densidade de 510,78 hab./km², se o comparamos

cos datos de Galicia (93,75 hab./km²) e a provincia de Pontevedra (210,84 hab./km²), pero existindo grandes contrastes entre os concellos limítrofes a Vigo e os concellos do interior.

b. Evolución da poboación.


Neste punto ofrécese a evolución da poboación dende o ano 1991 ata o ano 2007. Como xa se explicou con anterioridade, analizarase o territorio do GDR18 incluíndo e excluindo a cidade de Vigo, coa finalidade de reflectir as diferencias substancias entre ámbalas dúas. En xeral, a variación porcentual neste período foi dun 5,54% excluindo Vigo e 9,81% incluíndoo. Datos que se semellan ao acontecido na provincia de Pontevedra, cunha variación do 5,66%, pero que defire moito da variación de Galicia 1,5%. De tódolos xeitos, ao analizar o itinerario evolutivo entre o territorio incluíndo e excluindo Vigo, as diferencias son mínimas. Tal e coma mostran as dúas gráficas, a evolución segue o mesmo percorrido: un crecemento substancial ao principio, unha notable caída no número de efectivos na metade do período, seguido dun repuntamento nos case dez últimos anos.

**Evolución Demográfica do Territorio do GDR18
(1991 - 2007)**



Fonte: INE

**Evolución Demográfica do Territorio GDR18
excluído Vigo
(1991 - 2007)**



Fonte: INE

En resumo, diremos que se observan tres etapas, as cales se detallan a continuación:

- 1ª Etapa: Crecemento 1991- 1995

Ao analizar este período observamos como se produce nos dous ámbitos analizados un crecemento notable da poboación, un 5,17% para todo o territorio e un 5,05% para o territorio GDR18 excluindo Vigo. Como os datos mostran, o crecemento é homoxéneo nos dous ámbitos estudados; fenómeno que pode ter relación directa ca chegada do período de emancipación do chamado baby boom.

- 2ª Etapa: Declive 1995 – 1998

Nesta segunda fase prodúcese un pequeno descenso, non moi significativo, xa que estamos a falar dunha caída do 2,38% e 2,02% respectivamente. Ademais, hai que sinalar que é neste punto onde non se pode afondar no análise anual pormenorizado, xa que non se dispón de datos para o ano 1997.

- 3ª Etapa: Crecemento 1998 - 2007

Na derradeira das etapas tratadas, prodúcese un incremento notable de efectivos. Cuestión que mostran as propias cifras de variación porcentual, xa que para todo o territorio GDR18 o aumento é de un 5,87% e de 9,17% se tomase o territorio GDR18 excluindo Vigo. Esta diferenza incluíndo ou excluindo Vigo pódese deber a que debido ao incremento do prezo da

vivenda na urbe, moitos dos municipios limítrofes serven de localidade dormitorio para aqueles que traballan en Vigo.

Analizando a evolución por concello, obsérvase que existen determinados municipios cun maior poder de atracción de novos residentes, que atopan nese concellos vivendas mais asequibles, dotados de servizos básicos e con boas comunicación coa urbe, como foi o caso de Soutomaior, cunha evolución da súa poboación do 27,14%, Nigrán (24,58%), Tomiño (23,75%). Pola contra están aqueles concellos menos dinámicos e mais afastados do centro urbano de Vigo que teñen unha evolución da poboación moi desfavorable, Fornelos de Monte (-17,84%) e Pazos de Borbén (-10,14%).

En xeral, para este período se pode afirmar que existe un importante dinamismo no territorio GDR18, aspecto que pode estar directamente relacionada cun ciclo económico productivo e de crecemento.

No estudio da evolución demográfica do territorio é imprescindible, ademais, o análise do movemento natural da poboación. Dito análise comprende o estudio dos nacementos, das defuncións e do crecemento vexetativo, os cales, se tratan pormenorizadamente a continuación (táboa 4).

Taxa de natalidade

A taxa de natalidade é un índice que mide o número de nados vivos por cada mil habitantes dun territorio determinado e mide a capacidade de expansión natural da poboación. Ao analizar o período que vai dende 1993 ata 2007, temos que a taxa de natalidade aumentou moi levemente, pasando dun 8,47‰ a un 9,05‰ para todo o territorio GDR18 e dun 8,12‰ a un 9,03‰ para o territorio GDR18 excluindo Vigo. Estes valores sufriron un pequeno descenso entre o ano 1995 e 1999.

Comparando estes valores coa media galega e provincial, o territorio do GDR18 presenta unha mellor evolución dentro da levidade dos datos, posto que mentres en Pontevedra e Galicia a natalidade experimentou practicamente unha estabilidade entre os anos 1993 e 2007, na área aumentou, estando ademais o seu valor por riba desta.

A nivel de concellos a situación amósase heteroxénea. Se se comparan os anos 1993 e 2007 tan só os concellos de Redondela, Soutomaior e Nigrán experimentaron un crecemento significativo na súa taxa de natalidade, alcanzando cotas moi próximas ou superiores ao 10‰. En contraposición, son os concellos de Fornelos de Montes, Tomiño e A Guarda os que tiveron un maior retroceso no número de nacementos para estes anos, aloxándose do 10‰ nomeado con anterioridade.

Taxa de mortalidade

A taxa de mortalidade indica o número de defuncións dunha poboación por cada mil habitantes. No territorio GDR 18 esta taxa situase no ano 2007 no 8,37‰, e no territorio GDR18 excluindo Vigo no 8,43‰, experimentado un lixeiro ascenso no período 1993 – 2007. Este valor esta por debaixo da media provincial e autonómica, que tamén sufriron un incremento nese período e que no ano 2007 situábase no 9,01‰ e no 10,75‰ respectivamente.

A taxa de mortalidade pon de manifesto o contraste intermunicipal xa que existen concellos nos que a mortalidade se incrementou (Fornelos de Montes, Pazos de Borbén, Oia, Gondomar, Nigrán e Vigo), outros nos que se reduciu (Tui e Tomiño) e outros nos que os valores se mantiveron practicamente estancados (Baiona, Mos e O Rosal).

Ademais se se analizan os valores para o ano 2007, constátanse a heteroxeneidade entre os concellos. En Fornelos de Montes, Oia, e Tomiño a taxa atópase equiparada ou por encima da

taxa provincial para este ano, e no caso do resto dos concellos o valor no acada en ningún caso o 9,01‰ (taxa provincia de Pontevedra).

Taxa de crecemento vexetativo

A taxa de crecemento vexetativo, en termos relativos, é a diferenza entre o número de nacementos e de defuncións por cada mil habitantes.

A partir desta taxa pódese obter información da dinámica demográfica dun determinado territorio, posto que se o valor é negativo indica que nese ano morreron máis persoas das que naceron e polo tanto estarase a producir un avellentamento da poboación, ou pola contra, cando é positiva significa que os nacementos superan ás defuncións co que a poboación pode estar a medrar.


No período analizado, no territorio GDR18, se observan diferenzas significativas se se inclúe no análise ou non o municipio de Vigo. Xa que aínda que de xeito xeral o número de nacementos é superior ó número de defuncións, ao estudar as variacións no período 1993-2007 incluíndo o municipio de Vigo prodúcese un aumento da taxa do crecemento vexetativo, pasando dun 0,43‰ a un 0,60‰, fenómeno que non sucede ao analizar o territorio na súa globalidade (1993: 1,04‰ e 2007: 0,68‰). De tódolos xeitos, segue a manter un nivel de signo positivo, situado claramente por riba da media da provincia de Pontevedra e de Galicia que experimentaron un crecemento negativo.

Dentro do territorio GDR18 existe un marcado contraste entre os concellos. Así os concellos máis afastados do núcleo urbano como Fornelos de Montes, Pazos de Borbén e Oía, teñen unha taxa de crecemento vexetativo negativo por riba da taxa de Galicia (-2,93‰), os concellos de Baiona, Gondomar, Nigrán, e Soutomaior teñen unha taxa significativamente positiva en comparación co resto (próxima ou superior ao 1,50‰), e o resto dos concellos pertencentes o grupo presentan taxas próximas ó 0.

Para afondar no estudo da evolución da poboación, a continuación e complementando a anterior información, se analizan os **movementos migratorios da poboación**.

Segundo o INE, migración é: “Cambio de residencia dun municipio a outro, ao estranxeiro ou desde o estranxeiro”. Dentro da migración, se distingue a emigración e a inmigración, e froito da súa comparativa se obtén o saldo migratorio.

Evolución do Movemento Migratorio no Territorio GDR18 (1993-2006)



Fonte: INE

Obsérvase unha evolución semellante entre ambas, xa que a partir do 2001 o crecemento é dinámico tanto para a emigración como para inmigración, sempre sendo esta última superior a anterior, polo que o saldo migratorio a partir deste intre sempre será positivo, alcanzando case os 3.000 efectivos para todo o territorio GDR18 no ano 2006.

A nivel de concellos, Vigo e o que obtén un crecemento máis significativo ao longo do período, xa que ten unha variación porcentual do saldo migratorio do 190,66% entre 2003 e o 2006. Séguenlle Tui (144%), O Porriño (98,71%), A Guarda (98,26%), e Gondomar (81,58%), sendo todos eles municipios que reflicten un crecemento significativo no referido a variación porcentual da poboación en apartados anteriores.


A contraposición, destacan outros concellos pola súa perda de poboación no ámbito da migración (emigran máis que inmigran). Estamos a falar de municipios como Fornelos de Montes, Redondela onde o saldo migratorio e negativo para o ano 2006 (táboa 5).

En resumen, pódese afirmar que o movemento migratorio (emigración e inmigratorio) e un fenómeno que no noso territorio aumentou considerablemente, sendo un reflexo da situación económica, o cambio de políticas migratorias, e chegada da globalización; todos eles, son factores que inciden en que a poboación sexa máis dinámica ao longo de todo o territorio.

c. Estructura demográfica.

A pirámide de poboación, forma gráfica máis habitual de representar a estrutura demográfica segundo sexo e idade permite as comparacións entre os diferentes concellos e percibir dunha forma fácil e rápida varios fenómenos demográficos, tales como o avellentamento da poboación ou o equilibrio ou desequilibrio entre sexos. Os segmentos de poboación están establecidos como "cohortes" ou xeracións, xeralmente de cinco anos, que se representan en forma de barras horizontais que parten dun eixe común, cara a esquerda os homes, e cara a dereita as mulleres.

A pirámide de poboación do territorio GDR18 presenta unha forma de ánfora o que significa que describe a unha poboación que está nun proceso de avellentamento, fenómeno producido pola regresión nas taxas de natalidade e polo aumento na esperanza de vida dos seus habitantes.



As taxas de natalidade levan sufrindo un retroceso dende a década dos oitenta, ocasionado, entre outras razóns, por unha maior incorporación da muller ó mercado do traballo, que fai que a pirámide se estreite pola base. Ó mesmo tempo, o grupo de persoas maiores de 65 anos está a aumentar, debido ó incremento da esperanza de vida. Este feito é máis acusado nas mulleres que nos homes, posto que, tal e como se observa, a partir dos 65 anos a proporción de mulleres é maior que a dos homes e, en idades máis avanzadas, dúplícanos.

A nivel de concellos, tamén obsérvanse este fenómeno, fundamentalmente o analizar o índice de envellecemento e o de dependencia.

O índice de envellecemento mide o porcentaxe de poboación de 65 e máis anos sobre a poboación menor de 20 anos. Esta fórmula expresa o grao de avellentamento dunha poboación, e polo tanto, canto maior sexa o índice maior peso terán os anciáns dentro do conxunto de xoves de dita sociedade.

Deste xeito, son os concellos de Fornelos de Montes, Pazos de Borbén e Oia os que obteñen as cotas máis elevadas para todo o territorio, 189,4%, 141,68% e 136,21% respectivamente. Polo contrario, son os concellos de Gondomar con 70,87%, O Porriño con 71,51% e Baiona con 79,60% os que obteñen as cotas máis baixas de todo o territorio, debido o incremento de poboación reflectida con anterioridade. (táboa 6).

Por outra banda, o índice de dependencia mide o número de mozos (poboación menor de 20 anos) e de anciáns (poboación maior de 64 anos) que hai nun determinado territorio por cada 100 adultos en idade de traballar. Este dato indícanos o peso da poboación non activa con respecto á poboación potencialmente activa, e dicir, que canto maiores sexan estes índices máis dependencia terá a poboación. (táboa 7).

O territorio do GDR18 presenta para o ano 2007 un índice de dependencia do 52,98% o que quere dicir que por cada traballador ou persoa potencialmente traballadora que hai no territorio existen 0,5 persoas que dependen dela, ou o que ven ser o mesmo, por cada persoa dependente existen 2 persoas adultas en idade de traballar.

Esta cifra sitúase por debaixo da media provincial e autonómica que, para o mesmo ano, situábanse no 56,04% e 60,09%, respectivamente.

Nos concellos pertencentes o grupo a situación varia segundo a zona:

- ZONA 1: Os concellos máis aloxados da gran urbe posúen o índice de dependencia superior o 52,98% (índice de dependencia do territorio GDR18). Por exemplo, Fornelos de Montes, Pazos de Borbén, O Rosal, Tomiño, Tui, etc.

- ZONA 2: Os concellos máis próximos a Vigo posúen o índice de dependencia máis alto do 52,98%. Por exemplo: Baiona, Gondomar, Nigrán, O Porriño. Etc.

d. Nivel de instrucción.


A continuación trátase o grao de formación acadado no ano 2001 pola poboación maior de 16 anos dos diferentes municipios que conforman o territorio do GDR18. Os tramos establecidos para a análise da variable nivel de estudo recollen a división educativa que vai dende o nivel inferior, non sabe ler ou escribir, ata o superior, doutoramento.

No territorio GDR18 o nivel formativo da poboación varía en gran medida se incluímos ou excluimos Vigo, situándose no primeiro dos casos por riba da media galega e provincial e no segundo, por debaixo delas, tal e como se observa na seguinte táboa.


Poboación maior de 16 anos que ten un nivel mínimo de ESO 2001		
TERRITORIO	Valor absoluto	% sobre o total
Territorio GDR 18	231.689	60,72%
Territorio GDR18 excluído Vigo	70.458	49,59%
Pontevedra	437.178	56,84%
Galicia	1.284.407	55,01%
Fonte: IGE a partir do Censo de Poboación e Vivenda		

Por outra banda, ao analizar a totalidade do territorio GDR18 diferenciando a distribución por sexo, obsérvase importantes diferencias, xa que son nos niveis extremos onde as mulleres adquiren maior presenza e nos intervalos internos onde atopamos unha porcentaxe superior de homes. É dicir, no territorio GDR18 o porcentaxe de mulleres que posúen formación superior ou non teñen estudos é mais elevado que a dos homes, e pola contra as porcentaxes de homes que teñen a formación obrigatoria e media e superior a das mulleres.

Porcentaxe de poboación masculina de 16 e mais anos en vivendas familiares segundo o nivel de estudos para o territorio GDR18. Ano 2001



Porcentaxe de poboación feminina de 16 e mais anos en vivendas familiares segundo o nivel de estudos para o territorio GDR18. Ano 2001



Ademais da distribución por sexo, neste ámbito é importante analizar a taxa de alfabetización, a cal é o porcentaxe de persoas que saben ler e escribir nun grupo de poboación respecto á poboación total. Nesta caso, e do mesmo xeito que sucedeu anteriormente, as variación son importantes se se inclúe Vigo ou non. Ao analizar o territorio GDR18 incluíndo Vigo a porcentaxe é de 1,42% e se se exclúe é de 2,21%, quedando moi por riba da media provincial (1,82%) e autonómica (2,05%). De xeito xeral, o número de mulleres que non saben nin ler e escribir é superior cá dos homes en todo o territorio.

A nivel de concellos, pódese distinguir pola súa elevada taxa de alfabetización os concellos de Fornelos de Montes, Pazos de Borbén e Soutomaior, os cales alcanzan unhas cotas moi superiores a media territorial. En contraposición destes, destaca Vigo onde de cada cen habitantes un non sabe ler e escribir. (Táboa 8).

e. Indicadores de calidade de vida.

A poboación do territorio do GDR 18 ten un nivel de renda⁴ que está un 5,29% por encima do de Galicia, acadando un índice de 105,29 no ano 2002. A maior parte desta renda está no concello de Vigo, que conta cun índice de renda de 111 e ocupa o posto número 11 a nivel autonómico. Pero se excluímos a este concello do cómputo de nivel renda, obsérvase unha caída no índice de renda ata a cifra de 94,73, o que o sitúa por baixo do nivel autonómico. Ademais ao analizar os datos por concellos, obsérvase que soamente os concellos de Vigo, Nigrán e Redondela teñen un nivel de renda por riba da media galega e hai concellos como os de Fornelos de Montes e Pazos de Borbén que teñen uns niveis de renda moi baixos, de feito, segundo os datos do IGE, o concello de Fornelos de Montes ocupa o posto 310 no cómputo dos 315 concellos de Galicia.

Concello	Indicador municipal da renda dos fogares	Número de orden
Baiona	94	90
Fornelos de Montes	63	310
Gondomar	94	96
Guarda, A	86	197
Mos	97	60
Nigrán	101	35
Oia	98	56
Pazos de Borbén	78	273
Porriño, O	97	59
Redondela	100	47
Rosal, O	86	198
Soutomaior	95	81
Tomiño	89	150
Tui	95	79
Vigo	111	11
Territorio GDR 18	105,29	
Total territorio excluído Vigo	94,73	
Fonte IGE, 2002		

En canto a outros indicadores da calidade de vida, como son o número de teléfonos, automóviles, oficinas bancarias ou dotacións de servicios para as vivendas, hai que o dicir que o territorio presenta globalmente uns resultados bastante satisfactorios, cuns valores que están na media ou incluso por riba dos provinciais e autonómicos. Aínda que o reparto destes indicadores non é homoxéneo en todo o territorio, sen os concellos máis rurais os que teñen uns indicadores máis baixos, ao contar con menores dotacións de servicios e con estruturas económicas máis febles, debido ao illamento dalgunhas zonas, ao avellentamento da poboación e á baixa densidade demográfica.

⁴ Os datos do índice de renda están sacados do IGE e teñen como referencia temporal o ano 2002. Este indicador toma como 100 o dato da renda autonómica, establecendo unha relación entre a renda municipal e a renda autonómica.

TERRITORIO	Nº de teléfonos por cada 100 habitantes	Nº de automóviles por cada 100 habitantes	Nº de oficinas bancarias por cada 1000 habitantes
Territorio do GDR 18	38	51	0,89
Pontevedra	48	49	0,84
Galicia	37	48	0,89

Fonte: Anuario económico de España 2007

Outros indicadores da calidade de vida son as dotacións de infraestruturas públicas e servicios públicos dirixidos as vivendas e a poboación en xeral. Neste aspecto hai que dicir que o territorio conta cunha extensa rede de abastecemento de augas, que en moitos casos non é pública, tendo, as comunidades de augas ou os particulares, que facerse cargo das responsabilidades que lle corresponderían aos poderes públicos.

O tratamento de augas residuais tamén ten certos problemas dado que en numerosos núcleos do rural non hai ningunha dotación de infraestruturas, o cal xera importantes focos de contaminación nos acuíferos. Ademais nas grandes concentracións de poboación as estacións de tratamento de augas residuais que hai no momento son insuficientes, polo que a Ría de Vigo se está a resentir gravemente deste problema que debería ser atacado polos poderes públicos coa ampliación ou instalación de máis estacións depuradoras.

En canto á cobertura de telefonía sen fíos, hai que dicir que segundo os datos subministrados polas tres principais compañías de telecomunicacións que operan no territorio, o territorio goza dunha cobertura case total, agás por algunhas zonas de montaña illadas nos concellos de Fornelos de Montes, Oia, Baiona e Gondomar.

Por outra banda, polo que respecta a dotación de servicios sanitarios e dirixidos a certos sectores da poboación, hai que dicir que aínda que no territorio se pode atopar unha ampla oferta de servicios (centros de saúde, ambulatorios, hospitais, residencias de persoas maiores, centros de día, etc.), estes encóntranse moi concentrados en torno ao concello de Vigo e arredores, detectándose deficiencias nos concellos máis afastados, o que crea serios problemas a poboación destes territorios, que teñen que desprazarse para poderen ser atendidos por especialistas.

Polo que atinxe á dotación de infraestruturas, hai que salientar que o territorio conta cun Porto de interese xeral, cun gran movemento de mercadorías e cun importante crecemento nos últimos anos, cun aeroporto, que tamén estivo a medrar fortemente nos últimos anos, e con infraestruturas de transporte por estrada e ferrocarril, salientando as autoestradas e autovías que o conectan con outros puntos de Galicia, España e Portugal e que vertebran o territorio interno.

Tamén existe un boa conexión de autobuses entre a cidade de Vigo e os concellos veciños, pois as liñas que están a funcionar nestes momentos manteñen unha estrutura radial. Sen embargo os concellos máis apartados do centro urbano teñen serios problemas de comunicación por autobús, dentro do concello, con Vigo e con outros concellos veciños. Se temos en conta que nestes concellos reside unha elevada porcentaxe de poboación maior que non dispoñen de vehículo privado, entón podemos dicir que hai serias dificultades de desprazamento que sería necesario que os poderes públicos atallaran buscando fórmulas de mobilidade colectiva sostibles.

Por último, cabe salientar o feito de que a maioría dos concellos deste territorio carecen dun planeamento urbanístico que estea adaptado aos últimos cambios experimentados na normativa de ordenamento do territorio, ademais de que nalgúns concellos houbo problemas de sentencias xudiciais que invalidaron as norma urbanísticas, creando inseguridade xurídica

en moitos propietarios de terreos e vivendas. Así hai que dicir, que actualmente só 5 concellos (Tui (2006), Tomiño (2001), Fonelos de Montes (2003), O Porriño (2003) e Vigo (2008)) teñen os seus PXOM actualizados.

f. Elementos culturais propios do territorio.

O territorio do GDR 18 conta con numerosos elementos culturais susceptibles de ser aproveitados para o desenvolvemento local, de feito, dada a amplitude do territorio que estamos analizando e a antigüidade de moitos dos asentamentos da zona, podemos atopar restos que van dende a idade de bronce ata a actualidade. A verdade é que o territorio conta cunha ampla e variada representación de recursos culturais e patrimoniais materiais, tales como cascos históricos, castelos, pazos, mosteiros, fortalezas, conxuntos arqueolóxicos, e conxuntos etnográficos, así patrimonio inmaterial como as tradicións orais, a música, os bailes, a festa se romaría, a medicina tradicional, as artes culinarias e todas as habilidades especiais relacionadas con aspectos materiais da cultura, tales como ferramentas e o hábitat.

Na categoría de **cascos históricos** cabe salientarse o de Tui, que foi catalogado como conxunto histórico artístico en 1967 e que conta cunha Catedral-Fortaleza e varios conventos e igrexas, ademais dunha fortaleza defensiva, e que está nun bo estado de conservación. Tamén é salientable a zona antiga de Baiona, que está declarada como conxunto histórico e artístico, e na que sobresaen a colexiata de Santa María e o edificio do Concello, ademais de contar cun cruceiro excepcional, como é o da Trindade.

Ademais os concellos de Redondela e A Guarda tamén contan con barrios históricos pero carecen dunha figura de protección como a de conxuntos históricos artísticos, aínda que as súas normas urbanísticas recollen as súas particularidades e establecen algunha disposición para a súa conservación.

No apartado de **Castelos** hai que salientarse o Castelo de Soutomaior, o Castelo de Monte Real e o Castelo ou Torre de Tebra en Tomiño. O primeiro atópase no concello de Soutomaior e foi rehabilitado pola Deputación de Pontevedra como monumento visitable, ademais de servir como emprazamento para a celebración de actos oficiais e exposicións. O Castelo de Monte Real foi rehabilitado por Patrimonio para albergar un Parador de Turismo que atrae a numerosos visitantes pola beleza do edificio e pola fermosura do seu emprazamento. Por último o Castelo de Tebra, de titularidade privada, foi



construído en 1478 por Pedro Madruga. Posteriormente foi destruído por orde dos Reis Católicos, para levantar nos anos seguintes e por orde de Juana la Loca, unha torre defensiva, así como o resto das dependencias. Todo o restante é de época renacentista.

A presenza de **pazos** no territorio é bastante abundosa, salientando a importante presenza nos concellos de Redondela, Nigrán e Gondomar. Moitos destes pazos atópanse rehabilitados como establecementos hostaleiros, dedicados a albergar a visitantes, servir como museos ou estar dedicados á organización de eventos festivos. Son salientables polo seu valor arquitectónico os pazos do Conde de Gondomar en Gondomar, o pazo de Quiñones de León en Vigo e o Pazo de Torres Agrelo en Redondela.

Como claros expoñentes da **arquitectura defensiva militar** atópanse as fortalezas de Tui, Goián e os Medos en Tomiño e A Guarda que están claramente relacionadas coas tensións militares que viviu a zona durante séculos ao servir de fronteira co veciño estado de Portugal, onde tamén se poden atopar exemplos deste tipo de construcións en Valença, Vilanova da

Cerveira ou Caminha. O concello de Vigo, tamén conta con restos dunha fortaleza defensiva no Monte do Castro e detrás do edificio do actual concello.

O **mosteiro** de Santa María de Oia constitúe un importante expoñente da arquitectura relixiosa da zona. Foi fundado en 1137 e conta cun coro é do S. XVII e unha fachada de estilo barroco de fins do S. XVIII. Este mosteiro é de propiedade particular, aínda que a igrexa exerce de templo parroquial, polo que se pode visitar en horario de culto.



Por outra banda, por todo o territorio atópanse espallados numerosos **restos arqueolóxicos** que fan proba da antigüidade dos asentamentos humanos na zona. Neste aspecto podemos salientar o poboado galaico romano do Monte Santa Tegra, cun bo estado de conservación e que forman un conxunto visitable de importante interese. Ademais, tamén son de importancia os restos castrexos do Monte Aloia ou da parroquia de Chandebrito (Nigrán), así como as mámoas e petroglifos radicados no monte da Penide (Redondela) e os petroglifos do Monte Tetón en Tebra-Tomiño.

No tocante aos **conxuntos etnográficos**, numerosas son as mostras que se atopan espalladas por todo o territorio con mellor ou peor estado de conservación. Así podemos atoparnos con un sen fin de exemplares de muíños de auga e de vento, fontes, hórreos pesqueiras, cruceiros e petos de ánimas, podendo dicir que non hai aldea, lugar ou vila que non conte con algunha destas mostras de arte popular. Como mostras máis salientables do territorio están os foxos do Lobo ou os chouzos que podemos atopar polos montes do Suído, no concello de Fornelos de Montes, ou o conxunto de Muíños do río Folón, no concello do Rosal.

Tamén hai que sinalar, no **plano arquitectónico**, o legado do arquitecto Antonio Palacios co que conta o Concello do Porriño, onde a Casa do Concello e o Pavillón metropolitano son dous dos expoñentes máis característicos, pero que tamén conta con outros exemplos como os da Fonte do Cristo ou a Botica Nova, e a multitude de casas "indianas" existentes na Guarda, O Rosal e Tomiño como no norte do territorio en Fornelos de Montes e Pazos de Borbén.

En canto aos **aspectos etnográficos non materiais**, como son as festas, romarías e outros actos populares, hai que dicir que o territorio do GDR 18 conta con varias destas manifestacións declaradas de interese turístico galego, como son a Festa da Coca de Redondela, a festa da Arribada en Baiona, a festa da Ostra de Arcade e as festas de San Telmo en Tui. Ademais, tamén teñen unha ampla repercusión na zona as festas do Cristo da Victoria de Vigo, a Romaría do Santa Tegra na Guarda, ou os curros de cabalos que se fan nos concellos de Gondomar e Oia.

Outros dos elementos característicos da zona, sobre todo no Baixo Miño e o Val Miñor, é a riqueza existente na produción cultural o que permitiu un desenvolvemento neste eido do territorio, expresada a través de diversas **manifestacións artísticas** desde principios do século XX. Así, no territorio estiveron ou están asentados diferentes artistas vinculados coa escultura, a pintura, a literatura ou a cerámica.

Por último, cabe salientar tamén o paso do **camiño de Santiago** polo territorio, na súa variante do camiño portugués. Este ten a súa entrada no territorio no concello de Tui, a través da ponte internacional, e percorre os concellos do Porriño, Mos, Redondela e Soutomaior. Nos concellos de Tui e Redondela pódense atopar albergues para peregrinos, con 40 e 30 prazas, e que acollen xente durante todo o ano.

1.3. Mercado de traballo.

Para analizar o mercado de traballo do territorio do GDR 18 vanse ter en conta as estatísticas de poboación activa e ocupada do Censo de Poboación e vivenda do ano 2001, que aínda que están un pouco desactualizados, son os datos a nivel municipal máis recentes cos que se conta neste momento e polo tanto poden darnos un indicativo máis ou menos fiable de como está actualmente o mercado de traballo do territorio.

Características da poboación maior de 16 anos dentro do territorio do GDR-18, Ano 2001					
	Poboación maior de 16 anos	Pob. Activa	Pob. Ocup.	Pob. Parada	Pob. Inactiva
Homes	174.941	117.063	104.848	12.215	57.878
Mulleres	194.660	84.272	68.694	15.578	110.388
Total	369.601	201.335	173.542	27.793	168.266

Fonte: Censo de Poboación e Vivenda 2001

Características da poboación inactiva maior de 16 anos dentro do territorio do GDR-18, Ano 2001						
	Pob. Inactiva					
	Total	Xubild.	Pens.	Estudante	Taref. fogar	Outra situación
Homes	57.878	30.216	5.405	17.227	786	4.244
Mulleres	110.388	20.183	18.067	20.734	46.533	4.871
Total	168.266	50.399	23.472	37.961	47.319	9.115

O territorio do GDR-18 conta cun grande potencial de man de obra, como o demostra o feito de que a poboación maior de 16 anos que vive dentro deste contorno xeográfico ten un grande peso no cómputo provincial e autonómico, pois supón o 48,03% da poboación maior de 16 anos de Pontevedra e o 15,83% da de Galicia, e se temos en conta o número de persoas activas e ocupadas, estas porcentaxes soben por riba do 49% e do 16%, respectivamente. Ademais se analizamos a súa dinámica nos últimos anos temos que no período 1996-2001 o número de persoas maiores de 16 anos incrementouse nun 14,78%, mentres que o crecemento experimentado pola poboación de Pontevedra e Galicia era moito menor e non superaba o 2%. Tamén tiveron importantes ascensos o número de persoas activas e ocupadas, con porcentaxes de crecemento que estiveron próximas ao 15%, no caso dos activos, e por riba do 30% no caso dos ocupados.


Pero hai que ter en conta que estes datos se refiren ao total do territorio, e tal e como se comentou anteriormente, non todo o territorio está dentro do LEADER, pois hai que excluír as entidades singulares de poboación maiores de 2000 habitantes, polo que unha boa parte do concello de Vigo quedaría fóra. Este concello ten un peso moi grande no mercado de traballo da zona, tanto polo volume de efectivos como polo feito de que moitas persoas das que viven nos concellos veciños desenvolven a súa actividade profesional no concello. Así o concello de Vigo representa o 64,86% da poboación maior de 16 anos do territorio e ademais foi o que tivo un crecemento maior en termos absolutos.

Polo tanto para coñecer as características deste territorio hai que desgranar un pouco máis polo miúdo os datos anteriores, observando as características e as dinámicas das distintas zonas nas que se pode catalogar o mercado de traballo do territorio: zona norte, composta polos concellos de Fornelos de Montes, Pazos de Borbén e Soutomaior; zona centro, composta polos concellos de Vigo, Redondela, Mos e O Porriño; Val Miñor, composta polos concellos de Baiona, Nigrán e Gondomar; e o Baixo Miño, composta polos concellos de A Guarda, Oia, O

Rosal, Tomiño e Tui. Deste xeito pódese apreciar que a zona centro é a que conta cunha maior cifra de poboación maior de 16 anos, pois é aquí onde se atopan as maiores concentracións de poboación e actividades empresariais. Por detrás está a zona do Baixo Miño, que conta cunha ampla extensión de territorio e persoas, seguida do Val Miñor, que aínda que de menor extensión que o Baixo Miño, ten unha alta densidade de poboación e unha boa dinámica de poboación e do mercado do traballo, debido ao crecemento urbanístico e ao auxe de certas actividades do sector terciario ligadas ao turismo. Por último a zona norte é a que ten un menor peso neste mercado do traballo, dado que se trata de concellos onde se está a producir un forte despoboamento, debido a un proceso de avellentamento e de caída da natalidade.

Outro desequilibrio grave que sofre este mercado de traballo é o das desigualdades entre homes e mulleres, posto que aínda que as mulleres representan máis do 52% da poboación maior de 16 anos residente no territorio do GDR, elas non teñen un peso tan alto ao facer o cómputo de persoas activas e ocupadas, posto que aínda se ven relegadas a levar un papel de amas de casa dedicadas ás tarefas do fogar (23,90% das mulleres maiores de 16 anos). E aínda que nos últimos anos esta situación estivo a mudar, pois o número de mulleres en situación activa medrou un 27,94%, aínda queda moito camiño por andar para que a situación no mercado de traballo se iguale entre homes e mulleres (as taxas de actividade e ocupación femininas están máis de 20 puntos porcentuais por baixo das masculinas).

**Taxas de actividade e ocupación
Ano 2001**



Fonte: Censo de Poboación e Vivenda 2001

A taxas de actividade e ocupación do territorio GDR-18 tamén apoian o comentado anteriormente sobre o potencial do seu mercado de traballo, posto que ambas presentan uns valores que están por riba dos de Pontevedra e Galicia. Aínda que nelas tamén se pode percibir a grande desigualdade que hai entre homes e mulleres, cunhas diferencias que roldan os 24 puntos porcentuais.

Estas taxas experimentaron un aumento dende o ano 1996 de case 6 puntos porcentuais, no caso da de actividade, e de máis de 10 puntos, no caso da de ocupación, o cal determina un gran dinamismo no mercado do traballo, e que estivo provocado por dúas causas que se produciron paralelamente e que están interrelacionadas: por un lado, polo rápido crecemento do número de persoas ocupadas (o número de persoas ocupadas medrou case un 15% no período, mentres que o número de persoas maiores de 16 anos só o facía nun 2,22%), e polo outro, por unha fase de forte incorporación da muller ao mercado de traballo do GDR-18 (o número de mulleres que desempeñan tarefas no fogar descendeu nun 28,17% durante estes anos).

En canto á estrutura sectorial da poboación ocupada hai que salientar o grande peso que ten o sector servicios no cómputo total da poboación ocupada, acaparando ao 60,78% dos efectivos, así como o sector industrial, no que traballan o 25,16% da poboación ocupada de todo o territorio. Pola contra os sectores agrogandeiro e da pesca contan cun peso moi reducido no mercado de traballo do territorio, non pasando en ningún dos casos do 3% da poboación ocupada.

Porcentaxe de poboación ocupada por sectores de actividade económica Ano 2001					
Concello	Agricultura, gandaría, caza e silvicultura	Pesca	Industria	Construcción	Servicios
Baiona	1,29%	12,82%	16,41%	12,74%	56,74%
Fornelos de Montes	2,99%	0,21%	19,02%	19,44%	58,33%
Gondomar	2,84%	2,19%	26,03%	18,67%	50,26%
Guarda (A)	4,91%	19,44%	14,93%	10,35%	50,37%
Mos	0,88%	0,43%	39,62%	12,66%	46,41%
Nigrán	1,70%	4,83%	22,08%	14,10%	57,29%
Oia	19,93%	7,72%	19,16%	15,72%	37,47%
Pazos de Borbén	4,15%	1,72%	28,57%	19,55%	46,00%
Porriño (O)	1,30%	0,77%	39,15%	11,67%	47,11%
Redondela	0,98%	5,61%	31,80%	11,91%	49,69%
Rosal (O)	10,07%	3,81%	23,72%	21,71%	40,68%
Soutomaior	1,23%	5,18%	25,52%	12,01%	56,06%
Tomiño	23,24%	0,82%	21,89%	17,02%	37,02%
Tui	8,62%	0,68%	28,12%	14,87%	47,70%
Vigo	0,59%	1,48%	23,87%	6,67%	67,39%
TOTAL	2,12%	2,64%	25,16%	9,31%	60,78%


Fonte: Censo de Poboación e Vivenda 2001

Aínda que esta situación amosa bastante disparidades na distribución territorial das cifras. Deste xeito os concellos de Oia, Tomiño, O Rosal e Tui, manteñen unhas altas porcentaxes de poboación ocupada no sector agrario, chegando incluso a pasar do 20%, como é o caso de Tomiño, onde os cultivos vitícolas e hortícolas teñen unha grande presenza. Mentres que en concellos como o da Guarda e en Baiona, as actividades pesqueiras absorben unha boa cantidade de man de obra, cunhas porcentaxes que chegan ao 19,44% do total da poboación ocupada no concello da Guarda.

Porriño e Mos teñen un marcado carácter industrial, como o demostra o feito de que en torno ao 40% da poboación ocupada está traballando en actividades relacionadas co sector. Redondela tamén conta cunha boa porcentaxe de traballadores empregados no sector industrial (31,80%), aínda que un pouco menor que nestes dous concellos.

Ademais, se analizamos os datos de poboación ocupada por sexos, tamén podemos apreciar claras diferencas entre homes e mulleres. Así podemos ver como as mulleres están practicamente relegadas a desempeñar ocupacións no sector servicios (78,41% das mulleres ocupadas), mentres que os homes teñen repartida a súa ocupación entre os servicios (48,96%), a industria (31,96%) e a construción (14,19%).


Poboación ocupada por sectores económicos e sexos
Ano 2001



Pero para chegar a esta situación que se daba no ano 2001, tívose que pasar por un período (1996-2001) no que todos os sectores estiveron a medrar na creación de emprego, agás polo sector pesqueiro que perdeu un 2,75% de efectivos, e no que este crecemento estivo concentrado, fundamentalmente, no sector servizos, que acaparou 2 de cada 3 novas incorporacións no mercado de traballo, que ademais foron ocupados na súa meirande parte por mulleres.

Por outra banda, en canto ao número de persoas en situación de desemprego, baseándonos nas cifras que elabora mensualmente o Servicio Público de Emprego, pódese dicir que o territorio do GDR 18 acadou unha cifra de 29.356 persoas anotadas nas listas do desemprego no mes de xuño do 2008, o que ven a representar o 7,79% da poboación maior de 20 anos que reside no territorio. Desta cifra hai que dicir que o concello de Vigo achega o 63,59%, pois, tal e como se viu anteriormente, é o territorio que ten unha maior concentración demográfica e empresarial.

Distribución do paro por sexo e idade
Xuño 2008




A maior parte destas persoas anotadas no desemprego eran mulleres (62,15%), o que denota claros desequilibrios nas oportunidades de emprego, pois as mulleres vense relegadas aos postos de traballo cunha maior precariedade no sector servizos e teñen moitas dificultades á hora de atopar un emprego nos sectores da industria e da construción, que son os que tiveron unha maior estabilidade nos últimos anos. Ademais as

mulleres teñen máis dificultades en acceder aos postos de responsabilidade dentro das empresas, e polo tanto os desequilibrios tamén se manifestan nos ingresos percibidos.

Dentro do colectivo de mulleres desempregadas, as que achegaron un maior número de efectivos foron as de 25 e máis anos, supondo o 57,77% da poboación parada do territorio, mentres que as mulleres menores de 25 anos só supuñan o 4,38%. Ademais se comparamos as cifras de persoas desempregadas por tramos de idade e sexo coas de poboación por tramos de idades, temos que as porcentaxes máis altas correspóndenlle ás mulleres de 25 e máis anos (11,44%), seguidas polos homes menores de 25 anos (10,87%), mentres que os outros dous grupos de poboación tiñan unhas porcentaxe que estaban por baixo do 10%.


Evolución do desemprego
Xuño 2006-xuño 2008



Fonte: Servizo Público de Emprego

Ao analizar a evolución das cifras de persoas desempregadas durante os últimos dous anos, pódese ver como se mantiveron entre uns valores que fluctuaron entre as 27.000 e as 31.000 persoas, segundo os ciclos de actividade. Deste xeito de xuño de 2006 a xuño de 2008 o número de persoas desempregadas so se reduciu nun 1,23%, que estivo provocado por unha forte redución do número de mulleres desempregadas (-6,03%), que se viu compensado polo aumento do número de homes anotados nas oficinas de emprego (7,81%).

Evolución do desemprego
Xuño 2006-xuño 2008



Fonte: Servizo Público de Emprego

Aínda que se analizamos máis polo miúdo os datos de evolución do desemprego durante os últimos anos, podemos apreciar como no último ano houbo unha forte desaceleración no mercado de traballo, pois entre setembro do 2007 e febreiro do 2008 o número de persoas

desempregadas medrou un 14,18%, facendo que as cifras de desemprego se situasen por riba das do ano anterior. Ademais, comparando as cifras de xuño de 2007 coas de 2008, obsérvase un aumento no número de persoas desempregadas do 7,86%.

Esta desaceleración do mercado do traballo ten as súas raíces na situación pola que están pasando varios sectores económicos, con especial incidencia no sector da construción, e que está provocada pola suba dos prezos dos combustibles, do IPC e da taxa de xuro, o cal está afectando a economía da zona.

Deste xeito, ao analizar a evolución das cifras de desemprego por sectores económicos, pódese apreciar que os únicos sectores nos que estivo a medrar o número de persoas desempregadas durante o período foi no agrogandeiro e, sobre todo, no da construción, onde se pode observar unha fase de crecemento dende o mes de setembro. O resto do sectores económicos tiveron un bo comportamento, reducindo o número de efectivos durante o período, aínda que nos últimos seis meses estase a observar unha clara desaceleración na creación de emprego.

1.4. Análise sectorial.

O mundo empresarial do territorio LEADER GDR-18 goza dun gran dinamismo, como o demostra o feito de que nesta zona desenvolvan a súa actividade 35.836 empresas⁵, que representan máis da metade do censo empresarial da provincia de Pontevedra e o 17,04% do de Galicia, e que durante o período 1999-2007 o número de entidades empresariais medrase a unha taxa anual próxima ao 4%.



Isto é debido a que o territorio conta con grandes concentracións empresariais, ligadas a determinadas cadeas productivas ou extractivas e que desenvolven a súa actividade en parques empresariais ou industriais. Un claro exemplo destas actividades é o sector da automoción que xira en torno á planta de PSA Citroën en Vigo, ou as actividades comerciais que se xeran en torno ao Porto de Vigo, onde está radicada unha das maiores lonxas de pescado de Europa.

De feito unha das notas características deste territorio é a excesiva concentración empresarial na zona centro⁶, onde se asentan case o 80% das empresas do territorio, falla dun tecido empresarial consistente en zonas do territorio como a Norte⁷, ou a especialización no sector servicios no Val Miñor⁸ e a importancia do sector vitivinícola no Baixo Miño⁹.

A maior parte das empresas que se asentan neste territorio teñen unha clara orientación cara ao sector servicios, posto que máis do 80% realizan actividades relacionadas con este sector, salientando as actividades comerciais e inmobiliarias, que acaparan ao 50,62% das empresas do sector. Esta especialización empresarial cara o sector terciario, faise especialmente patente

⁵ Este dato está sacado das estatísticas que publica o IGE, onde non se teñen en conta as empresas do sector agrogandeiro, pesqueiro ou forestal.

⁶ Vigo, O Porriño, Redondela e Mos.

⁷ Fornelos de Montes, Pazos de Borbén e Soutomaior.

⁸ Baiona, Gondomar e Nigrán.

⁹ A Guarda, Oia, O Rosal, Tomiño e Tui.

en concellos como o de Vigo, onde sobresaen as actividades comerciais e inmobiliarias; Baiona, onde teñen un forte peso as actividades comerciais, hostaleiras e as inmobiliarias; e A Guarda, onde tamén ten un peso moi importante a actividade comercial e a hostaleira.

Pero a pesares deste forte peso do sector servicios no censo empresarial e no emprego, hai que dicir que o sector ten numerosos puntos febles, como é a pequena dimensión das súas empresas e a falla de formación e profesionalización no desempeño de determinadas actividades (hai que recordar que a pesar da importancia do sector hostaleiro a zona non conta cunha escola oficial de formación profesional no sector). A meirande parte das empresas do sector teñen a categoría de microempresas¹⁰, abondando os traballadores autónomos que non contratan traballadores asalariados, polo que se pode dicir que se trata de pequenas empresas familiares cunha curta vida empresarial, sobre todo nas zonas rurais.

Agora ben, se analizamos o tecido empresarial por concellos, podemos ver como a situación muda, observándose unha diversificación cara outros sectores económicos. Así, nos concellos de O Rosal, Gondomar, Tomiño, Tui, Fornelos e Oia, o sector da construción ten un grande peso no censo empresarial, acadando porcentaxes por riba do 20% (en Oia o 29,01% das empresas do concello realizan actividades no sector). En cambio, as actividades industriais están máis presentes nos concellos do centro, como no de O Porriño e Mos, onde máis do 15% do seu censo empresarial está composto por empresas do sector.

Por outra banda, se temos en conta os ingresos xerados, a dinámica na xeración de emprego e o seu valor estratéxico, temos que as actividades empresariais máis características do territorio son as cadeas empresariais da automoción, a construción naval, a pesca e transformación, e a extracción de roca ornamental.

A cadea de automoción en Vigo e na súa área funcional é, cuantitativamente, a de maior relevancia e da que dependen unha grande parte dos ingresos e empregos da zona, sendo por iso un elemento clave desde o punto de vista estratéxico para o desenvolvemento económico e social da área. Todo o tecido empresarial que desenvolve esta cadea na zona xira en torno á planta de produción que o grupo francés PSA Peugeot Citroën posúe en Vigo, que impulsa en grande medida toda a industria de compoñentes existente, entre as que se atopan algunhas multinacionais como poden ser Faurecia, GKN, Indugasa, Peguform, DIK MGI-Coutier.

Esta cadea está formada principalmente por aquelas actividades directamente vinculadas co proceso productivo do automóbil, pero dentro dela tamén hai empresas que se dedican á fabricación de compoñentes, a comercialización (venta de vehículos, repostos e accesorios, estacións de servizo e gasolineras), ou actividades de servizos relacionadas co automóbil.

En canto á localización, cabe dicir que a maior parte das empresas da cadea están asentadas no concello de Vigo e nos seus arredores (Redondela, O Porriño e Mos).

A construción naval é unha industria de síntese con gran capacidade para xerar valor e emprego. Caracterízase por tirar de moitas outras industrias o que dota a esta cadea dunha maior relevancia económica e social, ao que hai que sumar o feito de ser unha industria de alta intensidade tecnolóxica e impulsora de grandes avances neste campo para outras industrias. As empresas que forman esta cadea adoitan estar concentradas xeograficamente, distinguíndose en Galicia dúas grandes áreas, como son a Ría de Ferrol, que está especializada na construción de buques de defensa así como de grandes artefactos flotantes, e que xira en torno á empresa pública IZAR; e a Ría de Vigo, que se centra na construción de buques mercantes, de pesca e outros, e que está composta por empresas privadas.

As actividades principais da cadea da construción naval en Vigo e a súa área funcional céntranse na fabricación e distribución de embarcacións e buques, diferenciando dous tipos de

¹⁰ Microempresa: empresa con menos de 10 asalariados.

empresas: as que están especializadas na fabricación de embarcacións menores e as dedicadas á construción de buques.

A cadea da pesca e transformados de produtos do mar, representa, xunto coa da automoción, un dos piares básicos sobre o que se sustenta a economía da zona, sendo significativa a súa achega en todas as fases polas que atravesa a cadea, desde as actividades extractivas ata a comercialización e venda ao consumidor. Esta cadea está conformada por actividades que van desde a extracción da pesca e outros produtos do mar, ata a súa comercialización, pasando pola transformación. Polo tanto pódense diferenciar tres elos dentro desta cadea:

- Extracción, comprendendo a extracción pesqueira propiamente dita, o marisqueo e a acuicultura.
- Transformación, composta por actividades de almacenamento en frío; depuradoras de moluscos e mariscos; fabricación de conservas e afumados, así como de produtos conxelados, transformados e precociñados; e produción de fariñas de peixe e outros subproductos.
- Comercialización.

A maior parte das empresas do sector concéntranse nos concellos de Vigo e Redondela, onde se xera o 85,19% do valor engadido do sector.

A cadea de rocas ornamentais destaca pola súa forte vinculación coa cadea da construción e promoción, xa que a maior parte da súa produción ten como destino esta última, tanto en obras públicas, como na construción residencial e non residencial. As actividades que compoñen a cadea abarcan desde a extracción ata a súa comercialización, pasando pola transformación. Así, nas labores de extracción están as explotacións mineiras de materiais metálicos e non metálicos; e as de transformación engloban a pedra traballada en placas, as baldosas para solos, os pavimentos externos, así como as escaleiras e chanzos, os rodapés e os revestimentos externos.

As empresas que compoñen esta cadea productiva están concentradas en tres puntos xeográficos, como son O Porriño, Vigo e Salceda de Caselas. O primeiro deles, O Porriño, constitúese como o primeiro produtor e transformador a nivel galego de granito. En segundo lugar, está Vigo, onde se asentan fundamentalmente as empresas comercializadoras. Por último, Salceda de Caselas constitúese como outro importante centro extractor de granito.

Outras actividades económicas que están a ter un gran auxe ou que contan con grandes expectativas de futuro son as **actividades de ocio relacionadas cos deportes náuticos, os cultivos hortícolas baixo invernadoiro e a actividade forestal**.

As **actividades de ocio relacionadas cos deportes náuticos** están a ter un grande desenvolvemento nos últimos anos na Ría de Vigo, debido ás boas condicións que existen na ría para a práctica destes deportes, así como ao importante esforzo que se está a facer á hora de construír infraestruturas para a práctica destes deportes. De feito, nestes momentos existen no territorio máis dunha decena de portos deportivos e varios clubs dedicados á promoción e á práctica de deportes de vela e/ou remo. Ademais tamén se aprecia unha proliferación de establecementos comerciais dedicados á venda de accesorios para a práctica destes deportes.

O Baixo Miño conta cunha condicións climáticas óptimas para os **cultivos hortícolas**, de tal xeito que nos últimos anos está a ser moi coñecido polas plantacións de planta ornamental, kiwi, mirabel, flor e outros cultivos baixo invernadoiro, así como pola especialización do viñado que adquire un peso específico na economía desde a súa inclusión na Denominación de Orixe

Rías Baixas, subzona do Rosal. Estas boas condicións son ben coñecidas pola poboación do seu territorio, de tal xeito que moitas persoas están centrando a súa actividade laboral na produción hortícola e arbórea, aínda que ben é certo que para que este sector con gran potencial se converta nunha realidade que xere importantes ingresos na zona sería necesario a realización de actividades formativas, a creación dunha marca de calidade que axude a promoción dos seus produtos e o establecemento de empresas de transformación e comercialización, para que se complete a actividade agroindustrial no territorio.

Outro dos sectores cun grande potencial é o **sector forestal**, que conta con grandes extensións de cultivos madeireiros na zona, pero que ao mesmo tempo conta con importantes problemas, debido sobre todo a unha intensificación do monocultivo do eucalipto e a falta de profesionalización na xestión moitas explotacións forestais. O territorio do GDR 18 conta cunha superficie forestal arborada que supera o 60% do seu territorio, sendo as principais especies arbóreas cultivadas o eucalipto e o piñeiro, o problema é que a propiedade está moi fragmentada, aínda que as comunidades de montes teñen un grande peso como propietarias dos terreos. Ademais, outro dos problemas que está afectando grandemente ao sector nos últimos anos é a proliferación de lumes forestais¹¹, que ademais de causar grandes perdas económicas aos produtores, estase convertendo nun serio problema medioambiental.

Polo tanto, este sector ten que superar grandes retos no futuro se quere converterse nun referente na xeración de recursos económicos e emprego nas zonas rurais, así como na mellora da calidade ambiental do territorio, como son o adecuado ordenamento dos usos forestais, a promoción da formación dos produtores e traballadores forestais, e o fomento de actividades empresariais ligadas, como son os serradoiros e as fábricas de mobles, que procuren cerrar a cadea productiva no territorio e que eviten a excesiva dependencia da produción de pasta para ENCE-ELNOSA.

Pola contra, no territorio tamén existen varias actividades económicas que se atopan en situación de crise, estancamento, ou que teñen serios problemas de futuro, como son a actividade pesqueira, a actividade gandeira e a construción.

O sector pesqueiro está sufrindo nestes momentos un mal momento debido á escalada dos prezos dos combustibles, que encareceu fortemente os seus custos de produción e fixo reducir os seus marxes de ganancia. Ademais, os prezos do sector están controlados polas empresas de distribución da alimentación, co que os produtores non teñen ningún control sobre os prezos e non poden repercutir o incremento dos seus custos de produción. Esta situación está provocando unha baixada dos ingresos nas familias dos pescadores e armadores que fai augurar malos momentos para o sector.

As actividades gandeiras levan xa varios anos en declive no territorio, de feito o número de explotacións e superficie dedicada reduciuse fortemente durante os anos 80 e 90, e actualmente o sector conta cunha presenza testemuñal no territorio, onde a produción máis salientable é a bovina e a equina, debido á presenza de gando ceibe nos montes de varios concellos, así como a avícola, pola presenza de varias granxas na zona do Baixo Miño.

Por último, o sector da construción foi un sector que tirou fortemente do emprego e dos ingresos no territorio durante os últimos anos, pero que dende principios do 2008 está empezando a frear o seu crecemento debido a múltiples factores, entre os que cabe salientarmos o encarecemento e as dificultades no acceso a novas hipotecas, así como a sobrevaloración de prezos que está vivindo o sector actualmente, nunha situación que se coñece como “burbulla inmobiliaria” e que corre o risco de desincharse rapidamente. Deste xeito, as cifras de número

¹¹ Entre os anos 2001 e o 2008 houbo máis de 3000 incendios forestais que afectaron a máis de 4000 ha. de superficie arborada.

de persoas desempregadas dos últimos meses están rexistrando un aumento de efectivos que desenvolvían a súa actividade laboral no sector, o que está a ter un claro efecto na economía das persoas do territorio e noutros sectores que desenvolven actividades relacionadas.

1.5. Anexos.

Táboa 1. Superficie do territorio do GDR 18 sometida a algunhas figura de protección natural			
NOME	CONCELLOS AFECTADOS	FIGURA DE PROTECCIÓN	SUPEFICIE (HAB)
PN Illas Atlánticas	Vigo	Parque Nacional	5.732 hab (903 hab terrestres e 4.829 hab marinas)
PN do Monte Aloia	Tui	Parque Natural	746,29 hab
Foz do Miñor	Nigrán e Baiona	Zona de Especial Protección dos Valores Naturais	91,85 hab
Gándaras de Budiño	O Porriño, Salceda de Caselas e Tui	Zona de Especial Protección dos Valores Naturais	834,17 hab
Enseada de San Simón	Redondela e Soutomaior	Zona de Especial Protección dos Valores Naturais	2.252,06 hab
Illas Estelas	Nigrán	Zona de Especial Protección dos Valores Naturais	713,12 hab
Esteiro do Miño	A Guarda, O Rosal e Tomiño	Zona de Especial Protección dos Valores Naturais	1.688 hab
Superficie total afectada por algunha figura de protección natural			12.057,49 hab
Fonte: Concellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento sostible			

CONCELLO	POBOACIÓN (habitantes)	SUPERFICIE (km²)	DENSIDADE (habitantes/km²)
Baiona	11.839	34,5	343,16
Fornelos de Montes	2.036	83,1	24,50
Gondomar	13.371	74,5	179,48
Guarda (A)	10.356	20,5	505,17
Mos	14.471	53,2	272,01
Nigrán	17.668	34,8	507,70
Oia	3.159	83,3	37,92
Pazos de Borbén	3.145	50	62,90
Porriño (O)	16.745	61,2	273,61
Redondela	29.987	52,1	575,57
Rosal (O)	6.402	44,1	145,17
Soutomaior	6.305	25	252,20
Tomiño	12.651	106,6	118,68
Tui	16.948	68,3	248,14
Vigo	294.772	109,1	2.701,85
Territorio GDR 18	459.855	900,3	510,78
Total territorio excluído Vigo	165.083	791,2	208,65

Fonte: IGE

CONCELLO	2001	2007	Variación
Baiona	10.873	11.839	8,16%
Fornelos de Montes	2.230	2.036	-9,53%
Gondomar	11.631	13.371	13,01%
Guarda (A)	9.936	10.356	4,06%
Mos	13.920	14.471	3,81%
Nigrán	16.302	17.668	7,73%
Oia	2.921	3.159	7,53%
Pazos de Borbén	3.089	3.145	1,78%
Porriño (O)	16.076	16.745	4,00%
Redondela	29.090	29.987	2,99%
Rosal (O)	5.892	6.402	7,97%
Soutomaior	5.398	6.305	14,39%
Tomiño	11.111	12.651	12,17%
Tui	16.089	16.948	5,07%
Vigo	287.282	294.772	2,54%
TERRITORIO GDR 18	441.840	459.855	3,92%
Total territorio excluído Vigo	154.558	165.083	6,38%

Fonte: IGE

Táboa 4. Variación da taxa de natalidade, mortalidade e crecemento vexetativo (1993-2007)

CONCELLO	ANO 1993			ANO 2007		
	TBN	TBM	Crecedemento Vexetativo	TBN	TBM	Crecedemento Vexetativo
Baiona	8,33	6,51	1,82	8,28	6,42	1,86
Fornelos de Montes	8,96	8,96	0,00	4,42	13,75	-9,33
Gondomar	10,60	6,36	4,24	9,50	7,40	2,09
Guarda (A)	11,08	8,19	2,89	8,98	8,98	0,00
Mos	9,26	7,87	1,39	8,91	8,50	0,41
Nigrán	8,91	6,85	2,06	10,07	7,92	2,15
Oia	7,26	7,57	-0,32	6,96	11,71	-4,75
Pazos de Borbén	6,79	9,62	-2,83	7,00	11,13	-4,13
Porriño (O)	10,32	6,11	4,22	8,84	8,06	0,78
Redondela	1,93	7,54	-5,61	9,47	8,37	1,10
Rosal (O)	10,30	8,24	2,06	8,75	8,90	-0,16
Soutomaior	6,19	7,79	-1,60	10,15	8,72	1,43
Tomiño	10,81	9,18	1,63	8,14	9,01	-0,87
Tui	9,94	9,74	0,19	9,26	8,73	0,53
Vigo	8,65	7,29	1,36	9,06	8,33	0,73
Territorio GDR 18	8,47	7,43	1,04	9,05	8,37	0,68
Total territorio excluído Vigo	8,12	7,69	0,43	9,03	8,43	0,60

Fonte: IGE

Táboa 5. Variación do saldo migratorio(2003-2006)

CONCELLO	2003	2004	2005	2006
Baiona	226	169	153	141
Fornelos de Montes	-16	-40	-1	-13
Gondomar	190	392	241	345
Guarda (A)	-2	30	81	115
Mos	139	72	1	60
Nigrán	237	200	237	19
Oia	39	51	38	62
Pazos de Borbén	65	10	26	7
Porriño (O)	2	44	42	156
Redondela	-66	37	149	-19
Rosal (O)	90	90	105	109
Soutomaior	182	166	142	202
Tomiño	294	160	331	341
Tui	50	263	305	122
Vigo	396	565	1087	1151
Territorio GDR 18	1826	2209	2937	2798
Total territorio excluído Vigo	1430	1644	1850	1647

Fonte: IGE

Táboa 6. Indicadores de envellecemento (2007)

CONCELLO	Poboación menor de 20 anos	Poboación maior de 64 anos	Poboación maior de 84 anos	Índice de envellecemento	Índice de sobreenvellecemento
Baiona	2.176	1.732	202	79,60	11,66
Fornelos de Montes	283	536	74	189,40	13,81
Gondomar	2.626	1.861	224	70,87	12,04
Guarda (A)	1.906	1.958	242	102,73	12,36
Mos	2.742	2.310	252	84,25	10,91
Nigrán	3.349	2.631	300	78,56	11,40
Oia	475	647	84	136,21	12,98
Pazos de Borbén	499	707	93	141,68	13,15
Porriño (O)	3.334	2.384	242	71,51	10,15
Redondela	5.445	4.814	544	88,41	11,30
Rosal (O)	1.233	1.268	171	102,84	13,49
Soutomaior	1.170	1.089	132	93,08	12,12
Tomiño	2.460	2.247	282	91,34	12,55
Tui	3.302	2.922	399	88,49	13,66
Vigo	52.135	49.016	5.757	94,02	11,75
Territorio GDR 18	83.135	76.122	8.998	91,56	11,82
Total territorio excluído Vigo	31.000	27.106	3.241	87,44	11,96

Fonte: IGE

Táboa 7. Indicadores de dependencia (2007)

CONCELLO	Poboación menor de 20 anos	Poboación maior de 64 anos	Poboación entre 20 e 64 anos	Índice de dependencia
Baiona	2.176	1.732	7.931	49,27
Fornelos de Montes	283	536	1.217	67,30
Gondomar	2.626	1.861	8.884	50,51
Guarda (A)	1.906	1.958	6.492	59,52
Mos	2.742	2.310	9.419	53,64
Nigrán	3.349	2.631	11.688	51,16
Oia	475	647	2.037	55,08
Pazos de Borbén	499	707	1.939	62,20
Porriño (O)	3.334	2.384	11.027	51,85
Redondela	5.445	4.814	19.728	52,00
Rosal (O)	1.233	1.268	3.901	64,11
Soutomaior	1.170	1.089	4.046	55,83
Tomiño	2.460	2.247	7.944	59,25
Tui	3.302	2.922	10.724	58,04
Vigo	52.135	49.016	193.621	52,24
Territorio GDR 18	83.135	76.122	300.598	52,98
Total territorio excluído Vigo	31.000	27.106	106.977	54,32
Fonte: IGE				

Táboa 8. Taxa analfabetismo por sexo 2001			
CONCELLO	Taxa de analfabetismo total	Taxa de analfabetismo masculina	Taxa de analfabetismo feminina
Baiona	1,84	0,51	1,33
Fornelos de Montes	3,66	0,93	2,73
Gondomar	2,51	0,84	1,67
Guarda (A)	1,25	0,32	0,93
Mos	2,05	0,40	1,65
Nigrán	2,13	0,55	1,58
Oia	2,31	0,61	1,70
Pazos de Borbén	4,89	0,76	4,13
Porriño (O)	2,24	0,54	1,70
Redondela	2,30	0,49	1,81
Rosal (O)	1,47	0,40	1,07
Soutomaior	3,65	0,86	2,78
Tomiño	2,76	0,85	1,90
Tui	1,52	0,49	1,03
Vigo	0,99	0,21	0,78
Territorio GDR 18	1,42	0,33	1,08
Total territorio excluído Vigo	2,21	0,56	1,65

Fonte: IGE a partir do Censo de 2001 do INE

Táboa 9. Indicador municipal da renda dos fogares ano 2002. Base 2000			
Concellos	Indicador		
Vigo	111		
Nigrán	101		
Redondela	100		
Oia		98	
Mos		97	
Porriño, O		97	
Soutomaior		95	
Tui		95	
Baiona		94	
Gondomar		94	
Tomíño			89
Guarda, A			86
Rosal, O			86
Pazos de Borbén			78
Fornelos de Montes			63
Pontevedra		99	
Galicia	100		

2. Tecido asociativo.

Co obxecto de coñecer a vertebración do tecido asociativo e a influencia que pode ter sobre o desenvolvemento dun territorio, organizáronse nove grupos de traballo que corresponderon coas nove mesas sectoriais nas que se divide a Asociación para que, a través dunha metodoloxía cualitativa fundamentada en grupos de discusión (GD), representaran as percepcións que teñen os membros das entidades asociativas e institucionais sobre o funcionamento interno das mesmas, os recursos cos que contan, as súas relacións co resto do tecido asociativo, a participación da poboación, etc.

Así, o ámbito espacial dos grupos de discusión foi o territorio da Mancomunidade de Vigo e o Baixo Miño, excluindo a Salceda de Caselas e Salvaterra de Miño, creándose nove grupos de discusión, un por cada mesa sectorial existente na Asociación Grupo de Desenvolvemento Rural MAIV-BAIXO MIÑO:

Mesa sectorial	Número de entidades participantes	Data do GD
Mesa institucional	8	27/08/08
Mesa montes e medioambiente	Descoñecido	28/08/08
Mesa agrogandeira	9	28/08/08
Mesa veciñal	7	28/08/08
Mesa desenvolvemento económico	10	28/08/08
Mesa desenvolvemento sociocultural	4	28/08/08
Mesa de Muller	4	28/08/08
Mesa de xuventude	1	28/08/08
Mesa de acción social	11	28/08/08

Do traballo realizado en cada mesa sectorial, na que estiveron representadas todas as tipoloxías de entidades, preséntase a continuación unha síntese das conclusións ás que chegaron os representantes que formaban parte de cada mesa.

A análise do material subministrado polos GD realizados para esta investigación foi estruturado en sete grandes bloques, en función das preguntas abertas ou propostas para o debate efectuadas:

Tema de debate: Primeira idea que xurde cando se fala de tecido asociativo

Todos os membros das entidades participantes consideran que as asociacións ou o tecido asociativo existen no territorio para pór en marcha e defender intereses comúns co obxecto de mellorar o benestar da poboación tanto en termos sociais como económicos, para mellorar a calidade de vida da poboación e para lograr un desenvolvemento harmónico no territorio.

Consideran que as asociacións poden exercer como grupos de presión ou de poder ante outras instancias á hora de demandar determinadas cuestións e que son a base fundamental para fomentar a participación e a democracia veciñal e para mellorar a cohesión social.

Tema para o debate: A incidencia do tecido asociativo no territorio

Consideran que é elevada e que as propias entidades xogan un papel como axentes de desenvolvemento do territorio dada a súa labor dinamizadora e aglutinadora. Nalgúns casos afirmase que “facilitan o traballo ou cobren servizos que creen que deberían facer as administracións pública”. Considéranse, así mesmo, como canles de comunicación efectiva entre a poboación (asociados) e as institución públicas.

Tema para o debate: Os recursos das entidades (fontes de financiamento, estruturas e recursos humanos)

En canto aos recursos financeiros cos que contan as entidades, estas consideran que de forma xeral, e excluindo ás comunidade de montes veciñais, son escasos, tanto en termos económicos como de espazos e infraestruturas das que dispoñen para desenvolver as súas actividades. Así mesmo consideran que financeiramente dependen en grande medida de fondos alleos á propia entidade (subvencións públicas, patrocinios privados, etc.) xa que as propias cotas son insuficientes para sufragar os custes fixos da entidade.

En canto ao perfil dos recursos humanos cos que contan, opinan que na maioría dos casos a xestión non está profesionalizada senón que contan coa capacidade persoal e individual das persoas que destacan polas súas inxerencias, sensibilidade e altruísmo e que a formación do persoal directivo está moi ligada á súa traxectoria profesional.

As entidades fan unha reflexión en canto á necesidade de contar con persoal contratado para a xestión diaria da entidade, pero que non debe depender ao cen por cen de axudas externas xa que poden condicionar o futuro da mesma no momento en que non exista financiamento para este concepto.

Consideran que todas estas deficiencias limitan as posibilidades de desenvolver moitas máis actividades e de implicarse máis activamente no desenvolvemento dun territorio, dificulta o asociacionismo e provoca unha atomización do tecido.

Tema para o debate: Participación da poboación na vida asociativa, nos órganos de goberno e nas actividades organizadas polas entidades.

Todos os grupos coinciden en que a implicación da poboación na vida asociativa non é moi alta, e que a participación da cidadanía depende principalmente das actividades ou servizos que ofrezca a asociación “que unha asociación funcione potencia tanto o atractivo da asociación para novos membros, así como a tendencia asociativa da zona...” e tamén depende da localización de dita asociación (rural-urbano) ou do grado de vinculación que ten a poboación co sector concreto onde estea enmarcada a asociación.

Constátanse diferentes grados de compromiso; así, xunto a unha importante masa de persoas voluntarias dispostas a dedicar parte dos seu tempo en actividades asociativas diversas, hai un núcleo máis reducido de persoas asociadas con altos niveis de responsabilidade e implicación como é o caso das entidades da mesa de acción social e a mesa agrogandeira.

Tema para o debate: As relacións das entidades do tecido asociativo coas administracións públicas.

As entidades asociativas consideran maioritariamente que as relacións son escasas, distantes, demasiado burocráticas e nalgúns casos egoístas xa que “so se achegan ou colaboran con eles cando se aproximan as eleccións”. Unha mesa determinada, opina ademais que “a maior cercanía da administración pública, peor relación, cando debería ser ao revés dado que a colaboración das mesmas produciría beneficios toda a sociedade”. No caso da mesa agrogandeira se sinala existe unha “boa relación de colaboración, aínda que as iniciativas soen partir das asociacións”

Consideran que estas relacións deben ser máis fluídas, máis próximas e máis intensas, que se debe facer maior presión ou forza a través de federacións, da creación de regulamentos de participación veciñal, de formación de consellos sectoriais, etc. para a interlocución coa administración pública.

As institucións públicas valoran positivamente aqueles territorios (concellos) onde existe un tecido asociativo forte xa que son as propias asociacións as que poden ser os interlocutores

válidos para solucionar problemas, para facer e captar suxestións, para levar a cabo proxectos en conxunto e para achegarse á cidadanía.

Tema para o debate: As relacións entre as diferentes entidades do tecido asociativo

Neste punto non existe moita coincidencia entre os diferentes grupos ou mesas sectoriais, así, as entidades que comentan que teñen algún tipo de relación son as entidades da mesa veciñal que apuntan que si teñen relacións entre diferentes entidades, nomeadamente coas comunidade de montes, repartindo traballo e financiamento de actividades; as entidades da mesa de desenvolvemento económico consideran que si existe colaboración entre entidades, aínda que “entre algunhas hai mais relación para coordinarse” e as asociacións da mesa de acción social comentan que “si existe unha coordinación de actividades e entre profesionais”. Por outra banda, están as entidades adscritas á mesa agrogandeira que comentan que “non existen relacións entre as diferentes entidades pero que si hai vontade para facelo”, e as asociacións da mesa de desenvolvemento sociocultural que indican que “non existe coordinación e a colaboración é escasa (salvo algunha excepción baseada nalgún tipo de intercambio ou cando existe un ente federativo)”.

As entidades opinan que as relacións e colaboracións realízanse, sobre todo, “para actividades de tipo cultural e recreativo e ante as agresións que pode sufrir o territorio parroquial (vías de comunicación, urbanización salvaxe, industrias contaminantes, roubo do patrimonio, etc.)”

Constátase unha falta de cultura de traballo en rede e de vontade real de coordinarse.

Tema: O papel das asociacións no programa Leader e a influencia futura do programa sobre o traballo realizado durante a execución do mesmo.

Todas as entidades consideran que o papel das asociacións será fundamental para acadar un desenvolvemento social e económico maior sempre e cando exista un grao de participación da poboación e dinamización elevado:

“O papel debería ser fundamental en tanto en canto exista unha total proximidade á poboación e á realidade”

“O traballo valería a pena se se consegue un índice de participación maior, que os proxectos teñan unha continuidade no tempo e que se cumpra coas necesidades existentes”

“Os obxectivos estarían realizados se temos maior presenza social na estrutura asociativa”

“Formando a xunta directiva coas distintas mesas por áreas, todo pode ser discutido polos diferentes colectivos, cousa que pode ser interesante para que dentro de cinco anos o desenvolvemento sexa palpable”

“O papel das entidades é decisorio e moi importante. O éxito dependera do grao de dinamización e creación de proxectos, o cal é un papel clave por parte das asociacións”

“Entenderíamos que valeu a pena participar, se a nivel xeral, se logra a participación das maioría das entidades e asociacións do territorio, se a nivel de mesas sectoriais, son capaces de xerar proxectos que significaran o desenvolvemento harmónico do medio rural...”

A conclusión fundamental que pode extraerse do análise de contido das explicación por temática dadas por estes grupos de discusión é que, todas as entidades consideran que a vertebración do tecido social é un factor clave no desenvolvemento dunha zona: a maior vertebración e organización da poboación, maior capacidade para promover proxectos e xerar alternativas en situacións de crise, e a maior colaboración e coordinación entre entidades, maiores niveis de desenvolvemento.

Agora ben, esta afirmación pode verse minguada polos problemas detectados a través destes grupos de discusión, problemas que se resumen a continuación:

Constátase que o tecido asociativo sofre unha débil dinámica de cooperación entre os axentes clave, polo que se están desperdiciando multitude de efectos positivos para os territorios e para as persoas que os habitan.


As entidades cualifícanse como dinamizadoras e catalizadoras das potencialidades locais, incidindo en que a organización de actividades por parte das asociacións pode ser un xeito de librar aos concellos de organizar as devanditas actividades.

En canto ao financiamento e Infraestruturas, un dos problemas e queixas máis recorrentes refírese ás escasas axudas que reciben das institucións públicas. E como os recursos propios, vía cotas, son tamén escasos, esta situación implica que o grao de autonomía financeira sexa moi débil, o que limita loxicamente non só a organización de actividades senón a existencia de locais propios con infraestruturas e equipamentos axeitados.

Nos grupos de discusión constatouse que a participación activa de poboación na organización de actividades é, en liñas xerais, baixa. É bastante recorrente a queixa dos directivos das asociacións: as persoas que traballan nas asociacións son escasas e case sempre as mesmas. Polo tanto, pódese concluír que a participación da poboación é máis nominal que real.

Constatouse unha escasa e débil colaboración entre asociacións. Non obstante, é positivo que as asociacións sexan conscientes destas deficiencias e que elas mesmas non só demanden un plus de colaboración para aproveitar as sinerxías conxuntas, senón que consideren necesario o intercambio de experiencias e dar maior publicidade e información ás actividades que realizan.

PROBLEMAS NO TECIDO ASOCIATIVO



3. Determinación de estrangulamentos e potencialidades.

No proceso de determinación dos estrangulamentos e potencialidades do territorio, aplicouse a metodoloxía LEADER, no senso de que foron os axentes do tecido socioeconómico os que, a través de grupos de traballo, construíron un cadro DAFO.

A continuación, preséntase o resultado conxunto das diferentes xuntanzas de traballo, achéganse como anexos os informes parciais de cada unha das reunións (con indicación da data e das entidades participantes):

DEBILIDADES

1. Pertenza á periferia económica da UE .
2. Illamento físico de moitas zonas rurais.
3. Contaminación das augas e intensificación dos procesos erosivos (acumulación de nitratos, incendios, canteiras, obras públicas, etc.)
4. Danos en flora e fauna debidos á actividade agraria.
5. Presencia de numerosas especies animais e vexetais ameazadas.
6. Aumento dos desequilibrios internos no territorio debidos á concentración da poboación e da actividade económica nas zonas costeiras.
7. Deficiencias en termos de infraestructuras (estradas, tecnoloxía...) e equipamentos de servizos básicos: sociais, sanitarios, etc.
8. Poboación dispersa no territorio, feito que encarece a prestación de servizos básicos.
9. Baixa natalidade e envellecemento da poboación.
10. Baixas taxas de actividade e ocupación no mercado de traballo.
11. Dificultades de acceso ao mercado laboral para determinados colectivos
12. Escaso grado de cooperativismo e asociacionismo no sector agrogandeiro
13. Desintegración económica debida ao despoboamento e á falta de actividades económicas nos concellos máis rurais do territorio GDR18.
14. Canles sociais insuficientemente desenvolvidos.
15. Carestía de actividades económicas no medio rural.
16. Desagrarización do medio rural.
17. Envellecemento da poboación agraria: escaso número de persoas mozas como titulares de explotación agraria.
18. Progresiva perda de peso do sector agrario no conxunto da economía: abandono de terras agrícolas e forestais, perda de poboación activa e redución da renda agraria.
19. Escasa dimensión económica das explotacións agrarias: minifundismo e excesivo número de parcelas.
20. Bloqueo do mercado de terras, que impide o incremento da superficie das explotacións que continúan activas.
21. Carencia de formación especializada das persoas traballadoras do sector agrogandeiro.
22. Atomización empresarial, predominio da pequena empresa e escasa innovación.
23. Presencia de servizos tradicionais de baixa produtividade.
24. Falta de recursos públicos na investigación: Descordinación entre operadores do sector I+D+i.
25. Elevada dependencia dos produtores nas multinacionais provedoras de fitosanitarios, sementes ,etc.
26. Reducido nivel de coordinación entre os diferentes sectores productivos.
27. Canles comerciais insuficientemente desenvolvidas.
28. Falta de espazos para o desenvolvemento de actividades para a muller.
29. Dificultades para a conciliación entre a vida laboral e familiar.
30. Insuficiencia de axudas para a programación de actividades formativas, culturais e de ocio para a xuventude rural.
31. Escaso acceso ás novas tecnoloxías da información e da comunicación.
32. Inexistencia dun proxecto serio de internet rural no territorio GDR18.
33. Falta de infraestructuras, programas e axudas para a terceira idade, persoas con discapacidade e as súas familias.
34. Insuficiencia de espazos culturais e de ocio.
35. Carencia de espazos adaptados a poboación discapacitada para a pesca, ocio e tempo libre.
36. Escaso nivel de formación académica dos traballadores e traballadoras con discapacidade.
37. Problemas de integración social e económica para persoas con discapacidade.
38. Carencia e escasa adaptación dos servizos de transporte público a poboación no rural.
39. Incapacidade das administracións públicas para a eliminación das barreiras físicas.

AMEAZAS

1. Cambios nas regulacións e acordos internacionais con influencia no tecido productivo galego (Política Agraria Común e Organización Mundial do Comercio).
2. Cambio climático: influencia da contaminación procedente doutros lugares e causa de importantes catástrofes naturais con incidencia negativa nas actividades do medio rural.
3. Actuacións sobre os ríos.
4. Aumento da competencia (prezos e custos) para atraer investimentos como consecuencia da liberalización económica e da ampliación da UE aos países do Leste.
5. Crecente competencia de produtos agroalimentarios procedentes doutros países.
6. A liberalización do mercado exterior sen controis de calidade agro-alimentarias-textís.
7. Perda de subvencións da UE.
8. A crise do sistema económico neoliberal.
9. Incremento dos custos de produción do sector agroalimentario e forestal (especialmente enerxía).
10. Escasa capacidade de negociación para determinar os prezos por parte do produtor.
11. Nula dignificación social da actividade agraria
12. Aumento desproporcionado da especulación urbanística.
13. Escasas medidas reais de integración sociolaboral dos colectivos con maiores dificultades.
14. Posibles problemas derivados dos fluxos migratorios: escasa integración social, económico e laboral.
15. Falta de compensación económica estatal por motivos de envellecemento e dispersión territorial.
16. Dependencia política das autonomías co goberno central en temas que afectan ao territorio do Baixo Miño e da Mancomunidade de Vigo.
17. Imposicións doutras culturas: alimentación, cultura, idioma, etc.
18. Aumento da competencia doutros destinos turísticos.

FORTALEZAS

1. Situación xeográfica.
2. Diversidade xeográfica, con forte atractivo natural e diversidade de recursos determinado pola boa climatoloxía
3. Presencia de terreos húmidos con alto valor económico e ambiental.
4. Gran potencial productivo do sector agrario e forestal vinculados a factores endóxenos de calidade (terra, clima, etc.)
5. Auxe do sector vitivinícola (Rías Baixas).
6. Diferenciación de produtos a través da calidade con grande acollida nos mercados: Denominacións de orixe.
7. Potencial da agricultura ecolóxica.
8. Potencial de crecemento da industria agroalimentaria e de diversificación cara a produtos de maior valor engadido empregando as materias primas de calidade subministradas polo sector agrario.
9. Cultivos hortícolas e frutícolas, vinculados a pequenas hortas familiares, cunha crecente adaptación aos mercados.
10. Adaptación e potencialidade de cultivos autóctonos (planta ornamental, kiwi, mirabel ...).
11. Capacidade de autoabastecemento productivo.
12. Capacidade para a extensificación da produción e a redución dos custos medios, aproveitando as superficies abandonadas ou infrautilizadas.
13. Posibilidade de desenvolvemento de empresas de servizos relacionadas co sector productivo agrogandeiro.
14. Forte interrelación rural-urbano.
15. Maior porcentaxe de mulleres que de homes que son titulares de explotacións.
16. Presencia de numerosos centros de investigación, que realizan estudos e análises acerca do sector agrario.
17. Progresiva diversificación da economía rural: artesanía, caza, pesca, enerxías renovables.
18. Vantaxes competitivas en actividades como a pesca, o marisqueo e a acuicultura e a artesanía a alimentación e enerxías renovables, etc.
19. Potente desenvolvemento e dispoñibilidade de recursos para potenciar as enerxías renovables.
20. Existencia de conglomerados industriais ben asentados.
21. Tradición emprendedora da poboación.
22. Unión do turismo e o agro.
23. Importante oferta turística no rural como fonte de valorización do patrimonio natural e cultural.
24. Riqueza cultural patrimonial (distintiva)
25. Semellanza cultural con outros pobos europeos.
26. Forte implantación de movemento asociativo cunha importante capacidade dinamizadora do territorio.
27. Existencia de actividades competitivas, innovadoras e con potencial no sector da discapacidade.
28. Presencia de numerosos centros de atención e promoción de persoas con discapacidade intelectual dentro de contornos rurais.
29. Importante esforzo de potenciación dos dereitos, integración e desenvolvemento de persoas con discapacidade no medio rural.

OPORTUNIDADES

1. Situación fronteiriza con Portugal: posibilidade de cooperación coa Rexión Norte de Portugal.
2. Diferentes axudas europeas para que o territorio Baixo Miño e Mancomunidade da Area Intermunicipal de Vigo se equipare ao resto dos territorios de Europa.
3. Importante esforzo de protección: espazos naturais (Rede Natura 2000) e especies ameazadas (Estratexia Galega de Conservación da Biodiversidade).
4. Crecente demanda social de espazos naturais e espazos de entretemento.
5. Mellora das infraestruturas para acrecentar as vantaxe competitivas.
6. Vías de camiños de ferro próximas –límites (axudarían a que chegaran ao noso territorio).
7. Desenvolvemento de enerxías renovables como resposta á crise enerxética: cultivos agroenerxéticos e produción de biomasa.
8. Maior apoio da Administración ás actividades de I+D+i en todos os sectores e en concreto no agroforestal.
9. Mais facilidades para o acceso á formación dos e das profesionais no sector agroforestal.
10. Revalorización dos nosos produtos.
11. A chegada das Novas Tecnoloxías ofrece a posibilidade de utilización e adaptación nas explotacións agrarias e forestais.
12. Proxecto Internet rural en Galicia.
13. Agricultura respectuosa e produtos de calidade si se garante a competitividade das explotacións.
14. Posta en marcha na administración pública autonómica dos bancos de terras.
15. Crecente demanda de produtos ecolóxicos, produtos agrarios de calidade e dunha agricultura respectuosa co medio por parte da cidadanía.
16. Recuperación de oficios tradicionais.
17. Potencial turístico do territorio GDR18.
18. Presencia do Camiño de Santiago como dinamizador do turismo en certas zonas da Comunidade Autónoma.
19. Retorno das persoas emigradas nas mesmas condicións cas das persoas inmigrantes estranxeiras.
20. Existencia de políticas de igualdade e cambio socioculturais que favorecen a Incorporación da muller rural á vida económica e social como protagonista de pleno dereito.
21. Acceso das mulleres ás decisións políticas e económicas.
22. Aumento de políticas que favorecen a colaboración entre a administración e o movemento asociativo.
23. Crecente sensibilización social cara á discapacidade e outros colectivos en risco de exclusión social.
24. Maior conciencia social con respecto a discapacidade.
25. Maior apoio da administración ás actividades de I+D+i en todos os sectores de atención a discapacidade.
26. Implantación de tecnoloxías da información e a comunicación, que xeran novos servizos potenciais e novas actividades para as persoas con discapacidade no ámbito rural.

4. Estratexia territorial:

4.1. Enfoque.

No programa de desenvolvemento non se pode identificar unha “idea aglutinante”, pero si existen unha serie de ideas clave, que orientaron e enfocaron as decisións. Ditas ideas foron:

a. Principio de concentración:

Tomouse a decisión de concentrar a programación nun reducido número de obxectivos e tipoloxías de proxecto por obxectivo, e non atomizar innecesariamente a programación. Os motivos de dita decisión son dous:

- Poucas rúbricas con orzamento axeitado (non repartir miseria): Un elevado proceso de división (3 medidas, 3 obxectivos por medida, 3 tipoloxías por obxectivo, 3 accións por tipoloxía xeraría 27 grupos), xeraría un elevado número de rúbricas orzamentarias, moitas delas cun orzamento moi reducido, que ademais probablemente non tería sentido si finalmente o orzamento total fose reducido por AGADER.
- Favorecer proxectos integrados: Na maioría dos casos (sobre todo nas medidas I e II), as divisións non responden a lóxica de proxectos integrados. Non ten sentido dividir aos proxectos segundo se trate de innovación en produto, innovación en tecnoloxía, novos xeitos de comercialización, etc. (e probable que nun mesmo proxecto se integren varias destas innovacións).

O principio de concentración afecta á estrutura orzamentaria do programa, pero non limita a capacidade dos promotores para presentar proxectos. De feito o programa non excluírá a priori ningún proxecto que responda a calquera das tipoloxías definidas na convocatoria xeral para as medidas 411, 412 e 413.

b. Os pesos relativos.

En certo modo, derivado da idea anterior, a AGDR-MAIV BAIXO MIÑO centrou os seus esforzos en determinar o peso relativo que se desexaba dar ás diferentes tipoloxías de proxectos, en función de dous parámetros:

- A capacidade dos proxectos que poderían presentarse en cada tipoloxía, para dinamizar o territorio.
- A probabilidade de que proxectos dunha determinada tipoloxía fórona finalmente presentados por algún promotor.

c. Principio de equilibrio actividade forestal actividade agrogandeira.

Outra das preocupacións foi asegurar:

- A diferenciación entre as tipoloxías de proxectos agrogandeiros e as de proxectos forestais, especificamente, nos cadros orzamentarios.
- Equilibrio orzamentario entre ambas tipoloxías.

d. Prioridade de servizo ao cidadán:

En referencia aos proxectos da medida III, tomouse a decisión de priorizar os proxectos dirixidos a prestar servizos aos cidadáns, sobre todo a aqueles con maiores e mais específicas necesidades (o que tivo reflexo moi evidente nos orzamentos).

4.2. Obxectivos.

Os obxectivos fixados na estratexia, por medida foron:

I. Dinamización do sector agrario e forestal:

- Mellorar a produtividade das explotacións agrarias a través do seu fortalecemento e da diversificación da produción existente
- Mellorar e incrementar o valor engadido das cadeas forestais.

II. Mellora medioambiental e do contorno rural:

- Fomentar a valorización dos espazos forestais do territorio do GDR18
- Mellorar as condicións de protección, conservación, recuperación e xestión do ámbito natural do territorio.

III. Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida:

- Favorecer a creación e mantemento das actividades productivas do GDR18, fomentando a diversificación productiva e incorporando elementos innovadores nas actividades tradicionais
- Mellorar o acceso aos servizos básicos, en espacial ás persoas dependentes, e as que sofren algún tipo de discapacidade
- Mellorar as condicións de protección, conservación, recuperación e xestión do ámbito natural do territorio.
- Mellorar as condicións de protección, conservación e xestión do patrimonio cultural no territorio.

4.3. Actuacións por medida:

Achéganse os anexos IIA, IIB e IIC.

4.4. Indicadores por medida:

Achéganse os anexos IIIA, IIIB e IIID.

5. Complementariedade con outros fondos.

Con carácter xeral, esta asociación someterase ás recomendacións, directrices e instrucións dictadas por AGADER e pola Comisión de Coordinación dos Fondos Comunitarios (Decreto 184/2007).

O carácter interdepartamental desta Comisión garante a presenza dos responsábeis da xestión dos distintos fondos comunitarios que executar en Galicia, contando coa representación dos titulares das direccións xerais competentes nas seguintes materias:

Do mesmo xeito, solicitarase aos promotores de proxectos que xunto coa solicitude de axuda, acheguen unha declaración xurado sobre outras axudas que solicitasen ou obtivesen para a mesma inversión.

Con carácter mais específico, é necesario diferenciar as seguintes dimensións:

- Formación.
- Turismo.
- Grupos de Acción Costeira.

a) Formación.

Respecto á formación, co fin de asegurar a complementariedade das accións cofinanciadas polo programa, e optimizar a utilización dos recursos só se cofinanciarán as accións de formación en ámbitos non cubertos polo FSE.

As actuacións de formación dirixiranse exclusivamente ás persoas que desenvolvan a súa actividade nos sectores agrario, alimentario e forestal, e centraranse en temas específicos relacionados co desenvolvemento rural (cursos de incorporación á actividade agraria, aspectos relacionados coa xestión da explotación agraria, xestión sostíbel de recursos naturais, condicionalidade, multifuncionalidade e xestión sostíbel do monte etc.).

b) Turismo.

Os procesos de elección de proxectos vinculados a actividades turísticas terán en conta as actuacións na materia que leve a cabo a Dirección Xeral de Turismo da Consellería de Innovación e Industria.

Esta asociación someterase ás recomendacións, directrices e instrucións que poidan xurdir do traballo coordinado entre dita Dirección Xeral e AGADER.

c) Grupos de Acción Costeira.

A estes efectos a AGDR MAIV BAIXO MIÑO é coincidente co Grupo de Acción Costeira definido como Zona 7 Ría de Vigo – A Guarda (DOG nº 144 de data 28 de xullo de 2008). En concreto, a coincidencia é de 7 Concellos, os de Soutomaior, Redondela, Nigrán, Baiona, Oia, O Rosal e A Guarda.

A AGDR-MAIV BAIXO MIÑO, propondrá ao GAC Zona 7, a creación de:

- Unha Comisión Conxunta de Coordinación (con representantes de ambas Xuntas Directivas): O seu obxectivo será asegurar un nivel de investimento equilibrado no territorial de actuación, de xeito que naqueles concellos nos que se apliquen os dous programas non se produza un sobrefinanciamento.

- Unha mesa de traballo (cos xerentes e técnicos das oficinas de xestión): O seus obxectivo serán:
 - Asegurar que un mesmo proxecto non opte a axudas en ambos Grupos.
 - Que os proxectos se presenten ao grupo mais axeitado.

A día de hoxe, o GAC da Zona 7 non está constituído, polo que non é posible establecer de forma nítida os criterios concretos de demarcación respecto ás actuacións financiadas por cada grupo, nos territorios coincidentes.

En calquera caso, como criterios de aplicación xeral, nos territorios coincidentes:

- Serán intervencións exclusivas do GAC zona 7:
 - As relacionadas co sector pesqueiro e as dirixidas especificamente aos traballadores vinculados coas actividades pesqueiras.
 - As relacionadas coa transformación e comercialización de produtos do mar.
 - As de sensibilización e valorización do patrimonio natural e cultural ligado á costa e ás actividades pesqueiras.
- Serán intervencións exclusivas da AGDR ,AIV BAIXO MIÑO:
 - As relacionadas co sector gandeiro, agrario e forestal.
 - As relacionadas coa transformación e comercialización dos produtos agrogandeiros e forestais.
 - As de sensibilización e valorización do patrimonio natural e cultural ligado a áreas forestais e ás actividades agrogandeiras e forestais.

Do mesmo xeito, proporase ao GAC Zona 7, que os proxectos dirixidos a prestar servizos aos cidadáns nos territorios comúns, sexan financiados pola AGDR-MAIV BAIXO MIÑO.

IV. PLAN DE COOPERACIÓN

4.1. Enfoque.

Tres son as dimensións que despertaron o interese:

a) Cooperación e novas tecnoloxías da información e a comunicación:

Pese a que a idea aglutínate do Programa PRODER II ADR-MAIV foron as novas tecnoloxías da información e a comunicación, este tema non se aborda neste novo programa, no que nos proxectos non productivos se fai especial fincapé nos servicios directos a persoas dependentes ou con necesidades de atención específica.

En compensación, e tendo en conta os importantes avances en modernización administrativa dos Concellos da área MAIV, é factible deseñar proxectos de cooperación que permitan a transferencia directa de ferramentas e experiencias a outros concellos limítrofes.

b) Cooperacións transfronteriza con Portugal:

Unha dos elementos diferenciadores do territorio é a importante e extensa fronteira con Portugal, polo que deséxase que parte dos proxectos de cooperación sexan con grupos deste país.

c) Potenciación da colaboración (e o asociacionismo) entre as empresas do territorio vinculadas a actividades de ocio e tempo libre:

Dende a Mesa de Desenvolvemento Socioeconómico, solicitouse que se contemplara algún proxecto de cooperación en materia turística, tendo en conta que os “territorios turísticos percibidos” polos turistas exceden (no son coincidentes) cos territorios marcados polas fronteiras administrativas.

Por outra banda, a AGDR MAIV BAIXO MIÑO comprométese a integrarse na Rede Galega de Grupos de Desenvolvemento Rural.

4.2. Obxectivos.

Os obxectivos fixados na estratexia, por medida foron:

- Mellorar o acceso ás novas tecnoloxías (TIC) no territorio do GDR18
- Favorecer o asociacionismo e a cooperación entre as empresas de servicios turísticos do territorio.
- Mellorar as condicións de protección, conservación, recuperación e xestión do ámbito natural do territorio.
- Mellorar as condicións de protección, conservación e xestión do patrimonio cultural no territorio.

4.3. Coherencia co programa de desenvolvemento.

O primeiro obxectivo, ben a complementar a estratexia global do programa, no sentido que ven a cubrir un oco, que foi profusamente abordado no PRODER II.

- Por un lado, favorecería o aproveitamento da TDT para ofrecer mais e mellores servicios administrativos e persoais aos cidadáns. Este tipo de proxectos teñen que definirse en cooperación, debido a que á non coincidencia das demarcacións dixitais, cos territorios LEADER.
- Por outro lado, favorecería a transferencia a outros concellos da experiencia acumulada polo territorio MAIV.

O segundo obxectivo persegue o desenvolvemento de estruturas ou redes de cooperación empresarial, que favorezan a comercialización integrada de produtos turísticos de calidade, que complementen a oferta de aloxamento e restauración.

Os obxectivos 3 e 4, defínense para dar resposta a realidade transnacional do territorio, que dende o programa xeral non pode abarcarse.

De especial interese sería o apoio que podería prestarse dende o programa á conservación, valorización e promoción do patrimonio inmaterial transfronterizo, vinculado aos lazos lingüísticos.

4.4. Actuacións (Anexos IID).

Achéganse os anexo IIID.

4.5. Indicadores (Anexo IIIC).

Achéganse os anexos IIIC.

V. NORMAS PARA A XESTIÓN DO PROGRAMA

1. Límites de axuda máxima.

1.1. Proxectos productivos:

a) Medida 411 “Dinamización do Sector Agrario e Forestal”:

A intensidade de axuda que pode percibir un proxecto no marco da medida 411 non excederá os seguintes límites porcentuais e cuantitativos:

Porcentaxe máxima da axuda:

- Regra xeral: 45% sobre o gasto subvencionable.
- Limitacións:
 - No sector da produción agraria, cando o promotor non teña a consideración de agricultor mozo e o proxecto se desenvolva fóra das zonas catalogadas como zonas desfavorecidas ou de montaña: 40% sobre o gasto subvencionable.
 - No sector da transformación e comercialización de produtos agrarios, cando o promotor teña a consideración de empresa intermedia: 25% sobre o gasto subvencionable.
 - Importe máximo da axuda: 250.000 €

Respecto de todos os proxectos que se promovan no marco desta medida, a contribución do beneficiario ao seu financiamento será do 25% como mínimo.

Con carácter xeral, as axudas concedidas no marco desta medida ampáranse no Regulamento (CE) nº 1698/2005, do Consello, do 20 de setembro, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Feader.

Tratándose de proxectos de cooperación para o desenvolvemento de novos produtos, procesos e tecnoloxías, cando se efectúen respecto de produtos non incluídos no anexo I do Tratado, as axudas que se concedan ampararanse no Regulamento (CE) nº 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas de mínimos.

De acordo con este regulamento, a axuda total de mínimos concedida a un beneficiario determinado non será superior a 200.000 € durante un período de tres exercicios fiscais.

b) Medida 413 “Diversificación da Economía Rural e Mellora da Calidade de Vida”:

A intensidade de axuda que pode percibir un proxecto productivo no marco da medida 413 non excederá os límites porcentuais e cuantitativos que a continuación se relacionan:

Respecto dos proxectos que se promovan no marco desta medida, a contribución do beneficiario ao seu financiamento será do 25% como mínimo.

- Proxectos vinculados á diversificación cara a actividades non agrarias e de creación, ampliación, modernización e/ou traslado de Pemes:
 - Porcentaxe máxima de axuda: 45% do gasto subvencionable.
 - Importe máximo de axuda: 250.000 €

Esta axuda ampárase no Regulamento 70/2001 da Comisión, do 12 de xaneiro relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas estatais ás pequenas e medianas empresas, ou normativa que o substitúa.

- Proxectos vinculados ás epígrafes fomento de actividades turísticas, servicios para a economía e a poboación rural e renovación e desenvolvemento de poboacións rurais e conservación e mellora do patrimonio rural:
 - Porcentaxe máxima de axuda: 45% sobre o gasto subvencionable.
 - Importe máximo da axuda: 200.000 €

Esta axuda ampárase no Regulamento (CE) nº 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas de minimis. De acordo con este regulamento, a axuda total de minimis concedida a un beneficiario determinado non será superior a 200.000 € durante un período de tres exercicios fiscais.

1.2. Proxectos non productivos:

a) Medida 412 “Mellora Medioambiental e do Contorno Rural”.

A intensidade de axuda que pode percibir un proxecto non productivo no marco da medida 412 non excederá os límites porcentuais e cuantitativos que a continuación se relacionan:

- Porcentaxe máxima de axuda pública: ata 100%.
- Importe máximo de axuda pública: 250.000 €

b) Medida 413 “Diversificación da Economía Rural e Mellora da Calidade de Vida”.

A intensidade de axuda que pode percibir un proxecto non productivo no marco da medida 413 non excederá os límites porcentuais e cuantitativos que a continuación se relacionan:

- Proxectos vinculados ás epígrafes fomento de actividades turísticas, servicios para a economía e a poboación rural e renovación e desenvolvemento de poboacións rurais e conservación e mellora do patrimonio rural:
 - -Porcentaxe máxima de axuda: ata o 100%.
 - -Importe máximo de axuda: 250.000 €

Para estes efectos, terán a consideración de proxectos non productivos aqueles que non supoñan o inicio ou o desenvolvemento dunha actividade económica e/ou non estean afectos a unha actividade económica. Así mesmo, terán este carácter aquel outros proxectos de interese público que, aínda constituíndo unha actividade económica, ou estando afectos a unha actividade económica, non incidan sobre o réxime de competencia no territorio (concello) de que se trate e sempre que estean promovidos por unha entidade pública local ou unha entidade sen ánimo de lucro.

- Gastos de formación:
 - Porcentaxe máxima de axuda: ata o 100%.
 - Os gastos vinculados á formación ampáranse no Regulamento (CE) Nº 1998/2006 da Comisión do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas de minimis. De acordo con este regulamento, a axuda total de minimis concedida a un beneficiario determinado non será superior a 200.000 € durante un período de tres exercicios fiscais.

1.3. Categorías de priorización de proxectos non productivos

O importe e a porcentaxe de axuda pública que pode corresponder aos proxectos de natureza non productiva axustarase ás intensidades máximas de axuda que a seguir se refiren, segundo a prioridade do proxecto de que se trate:

- Proxectos non productivos de prioridade alta. Intensidade de axuda ata o 100%:
 - Servicios de igualdade e benestar á poboación, tales como centros de inclusión e emerxencia social, centros de integración, inserción ou inclusión sociolaboral para discapacitados, escolas infantís, centros de maiores non dependentes (pisos tutelados, vivendas comunitarias, centros de día).
 - Servicios de transporte adaptados en áreas de baixa densidade de poboación.
 - Implantación de TIC no medio rural, tales como telecentros, aulas de informática e plataformas dixitais de servicios a empresas ou á poboación en xeral.
- Proxectos non productivos de prioridade media. Intensidade de axuda de ata o 70%:
 - Actuacións de recuperación patrimonial, paisaxística e etnográfica, tales como actuacións ambientais, aulas de natureza, centros de interpretación, museos, intervencións arqueolóxicas, recuperación de construcións de interese arquitectónico, social ou cultural.
 - Centros de promoción de recursos ou puntos de información turística.
 - Rehabilitación e equipamento de edificios destinados a locais sociais.
- Outros proxectos non productivos. Intensidade de axuda de ata o 50%:
 - Infraestrutura de lecer: ludotecas, áreas recreativas, parques ou espazos de ocio.
 - Instalacións deportivas, en coordinación co mapa de dotacións da Dirección Xeral de Deportes da Xunta de Galicia.
 - Sinalización de recursos turísticos.
 - Participación en certames, eventos, feiras, edición de libros, mapas, guías, páxinas web e concursos vinculados á valorización dos recursos do territorio.
 - Instalacións hípicas ou cinexéticas.
 - Eventos de difusión ou estudos vinculados á valorización dos recursos do territorio.

2. Criterios para a selección e priorización de proxectos.

2.1. Criterios xerais de elixibilidade.

a) Proxectos elixibles:

Para poder ser elixibles, os proxectos deberán poder enmarcarse no réxime xeral de axudas do programa “LEADER 2007-2013”, e polo tanto os proxectos e actuacións subvencionables deberán contribuír a acadar algún dos obxectivos indicados a continuación:

- Aumentar a competitividade dos sectores agrario e forestal
- Mellorar o medio ambiente e o contorno rural
- Mellorar a calidade de vida nas zonas rurais e fomentar a diversificación da economía rural.

- Mellorar a gobernanza das zonas rurais e promover os seus territorios

Dos mesmo xeito, os proxectos deberán poder enmarcarse nos obxectivos definidos no estratexia específica para este territorio, e responder a algunha das tipoloxías definidas na referida estratexia.

Ademais, segundo a súa tipoloxía, os proxectos deberán cumprir as condicións de subvencionabilidade que se especifican nas fichas de elixibilidade I, II, III e IV, contidas na Resolución do 30 de maio de 2008 pola que se publica o acordo do Consello de Dirección de Agader do 30 de maio 2008 polo que se aproban as bases reguladoras para a selección de programas de desenvolvemento rural, e para a selección e recoñecemento dos Grupos de Desenvolvemento Rural como entidades colaboradoras na xestión do Programa "Leader Galiza 2007-2013", cofinanciado con Feader.

- Ficha de elixibilidade I. Proxectos enmarcables na medida 411 do PDR.- Dinamización do sector agrario e forestal.
- Ficha de elixibilidade II: proxectos enmarcables na medida 412 do PDR.- Mellora medioambiental e do contorno rural.
- Ficha de elixibilidade III: proxectos enmarcables na medida 413 do PDR.- Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida.
- Ficha de elixibilidade IV: proxectos enmarcables na medida 431 do PDR.- Gastos de funcionamento do GDR, adquisición de capacidades e promoción territorial.

Por último, e con carácter xeral, os proxectos deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Estar localizados no ámbito territorial elixible de aplicación do programa de desenvolvemento rural.
- Ser viables técnica, económica e financeiramente.
- Axustarse á normativa sectorial (comunitaria, estatal e autonómica) que resulte de aplicación para cada tipo de proxecto.
- Ser finalistas, é dicir, que á data da xustificación final dos investimentos ou gastos subvencionados cumpran os obxectivos e funcións para os que foron aprobados os proxectos.
- Ter carácter innovador, entendendo innovación non só como innovación tecnolóxica, senón tamén como a exploración de novos xeitos de enfrontarse aos retos de cada territorio.
- Que o investimento para o que se solicita a axuda non estea iniciado.

b) Beneficiarios elixibles:

No marco da estratexia de desenvolvemento formulada pola AGADER MAIV BAIXO MIÑO no programa de desenvolvemento rural para o territorio 18, poderán ter a condición de beneficiarios:

- As persoas físicas ou xurídicas de carácter privado.
- As entidades públicas de carácter local ou comarcal: concellos, mancomunidades, consorcios e entidades dependentes das anteriores.
- As comunidades de montes veciñais en man común e as súas mancomunidades.

Ademais, os beneficiarios haberán de cumprir os seguintes requisitos:

- Estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ter débedas pendentes de ningunha natureza coa Comunidade Autónoma de Galicia. Este requisito exceptúase para as entidades públicas locais.
- Non estar incurso en ningún dos supostos previstos nos parágrafos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Cumprir os requisitos de Peme, nos termos regulados na Recomendación da Comisión do 6 de maio de 2003, sobre definición de microempresas, pequenas e medianas empresas (2003/361/CE):
 1. Empregar a menos de 250 persoas. O cadro de persoal obterase pola media mensual habida durante o ano do último exercicio financeiro pechado e considerará tanto o persoal a xornada completa como, en ponderación mensual, o traballo a tempo parcial ou estacional.
 2. Ter un volume de negocio anual ou un balanço xeral anual que non exceda de 50 millóns de euros.
 3. Cumprir o criterio de autonomía nos termos previstos na lexislación vixente.Este requisito exceptúase para as entidades públicas locais, para os beneficiarios das axudas a proxectos non productivos promovidos no marco das fichas de elixibilidade II e III, e para os promotores de proxectos de cooperación para o desenvolvemento de novos produtos, procesos e tecnoloxías que se desenvolvan no marco da medida 411. Nos termos previstos na ficha de elixibilidade I, poderán ser beneficiarias, ademais das Pemes, as empresas intermedias, que empregan a menos de 750 persoas e teñen un volume de negocios anual inferior a 200 millóns de euros.
- Cumprir os demais requisitos que, en función da tipoloxía de proxectos, se especifican nas fichas de elixibilidade.

c) Requisitos de subvencionalidade dos proxectos:

Antes de proceder á aplicación dos baremos, todos os proxectos deberá cumprir os seguintes requisitos xerais de subvencionabilidade:

- Carácter innovador:
 - Entendido non só como innovacións tecnolóxicas senón como a exploración de novos xeitos de enfrontarse aos retos que se presentan no territorio.
 - Entendido non solo como innovación absoluta, senón como innovación por transferencia, territorial ou sectorial.
- Viabilidade: o proxecto debe ser viable técnica e economicamente, comprobándose especialmente a súa viabilidade financeira.
- Adecuación do proxecto á estratexia do programa de desenvolvemento definida.
 - O grupo poderá describir con mais detalle os proxectos que desexa financiar ou alomenos aqueles que mellor responden a estratexia do programa (por exemplo, listar exemplos de proxectos elixibles).
 - Do mesmo xeito, tamén poderá identificar que proxectos non desexa financiar, ou alomenos, que características poden converter a un proxectos en inelixible (por exemplo: listar exemplos de proxectos non elixibles).

- O Grupo, poderá establecer requisitos, ou esixencias previas, aos proxectos para ser elixibles, diferentes segundo a tipoloxía de axudas de que se trate (exemplo, nun proxecto forestal esixir que parte do orzamento de dedique á certificar o bosque).
- As descrições mais detalladas de elixibilidade e os requisitos ou esixencias previas, serán aprobados a través dun proceso participativo, serán remitidas previamente a AGADER para a súa aprobación, e serán explícitadas a través dunha modificación formal do plan de xestión (para que sexan coñecidas por todos os promotores).

2.2. Baremos:

Os baremos que a continuación se describen poderán sufrir modificacións ao longo do programa, e adaptarse (modificarse) ás diferentes tipoloxías de proxectos.

Ditas modificacións/ adaptacións, serán aprobados a través dun proceso participativo, serán remitidas previamente a AGADER para a súa aprobación e serán explícitadas a través dunha modificación formal do plan de xestión (para que sexan coñecidas por todos os promotores).

a) Baremo para proxectos productivos.

1.- Ubicación xeográfica (Ata 40 puntos).

1.1.- Características económicas do concello no que se localiza o proxecto.

- Ata 10 puntos.
- Este criterio valorarase en función do Indicador Municipal de Renda dos Fogares (IMRF) do ano 2002 publicado polo Instituto Galego de Estatística (IGE).

Puntuacións en función do indicador municipal da renda dos fogares ano 2002. Base 2000				
Puntuación	Concellos	Indicador de renda		
0 puntos	Vigo	111		
	Nigrán	101		
4 puntos	Redondela		100	
	Oia		98	
	Mos		97	
	Porriño, O		97	
	Soutomaior		95	
	Tui		95	
	Baiona		94	
	Gondomar		94	
6 puntos	Tomíño			89
	Guarda, A			86
	Rosal, O			86
10 puntos	Pazos de Borbén			78
	Fornelos de Montes			63
	Pontevedra			99
	Galicia		100	

1.2.- Características demográficas do concello no que se localiza o proxecto.

- Ata 10 puntos.
- Este criterio valorarase en función tres indicadores relativos á estrutura e dinámica de poboación:
 - Densidade de poboación (máximo 3 puntos).
 - Variación da poboación entre os anos 1991 e 2007 de acordo coas cifras do Padrón municipal de habitantes (máximo 3 puntos).
 - Índice de envellecemento (máximo 4 puntos).

Puntuacións en función da densidade da poboación					
Puntuación	Concellos	Densidade de poboación (hab/Km2)			
0 puntos	Vigo	2.701,85			
	Redondela	575,57			
1 punto	Nigrán		507,70		
	Guarda (A)		505,17		
	Baiona		343,16		
	Porriño (O)		273,61		
	Mos		272,01		
	Soutomaior		252,20		
	Tui		248,14		
2 puntos	Gondomar			179,48	
	Rosal (O)			145,17	
	Tomiño			118,68	
3 puntos	Pazos de Borbén				62,90
	Oia				37,92
	Fornelos de Montes				24,50
	Territorio GDR 18		510,78		
Total territorio excluído Vigo				208,65	

Puntuacións en función da variación porcentual da poboación (2001-2007)					
Puntuación	Concellos	Variación da poboación (%)			
0 puntos	Soutomaior	14,39%			
	Gondomar	13,01%			
	Tomiño	12,17%			
1 punto	Baiona		8,16%		
	Rosal (O)		7,97%		
	Nigrán		7,73%		
	Oia		7,53%		
2 puntos	Tui			5,07%	
	Guarda (A)			4,06%	
	Porriño (O)			4,00%	
3 puntos	Mos				3,81%
	Redondela				2,99%
	Vigo				2,54%
	Pazos de Borbén				1,78%
	Fornelos de Montes				-9,53%
Territorio GDR 18					3,92%
Total territorio excluído Vigo				6,38%	

Puntuacións en función do indicador de envellecemento 2007					
Puntuación	Concellos	Indicador			
0 puntos	Gondomar	70,87			
	Porriño (O)	71,51			
	Nigrán	78,56			
	Baiona	79,60			
	Mos	84,25			
2 puntos	Redondela		88,41		
	Tui		88,49		
	Tomiño		91,34		
3 puntos	Soutomaior			93,08	
	Vigo			94,02	
4 puntos	Guarda (A)				102,73
	Rosal (O)				102,84
	Oia				136,21
	Pazos de Borbén				141,68
	Fornelos de Montes				189,40
Territorio GDR 18			91,56		
Total territorio excluído Vigo				87,44	

Puntuación segundo as características demográficas do concello (táboa resumen)				
Concellos	Densidade	Variación	Envellecemento	TOTAL
Gondomar	0	0	0	0
Baiona	1	0	0	1
Nigrán	1	0	0	1
Tomiño	0	0	2	2
Porriño (O)	2	1	0	3
Soutomaior	0	0	3	3
Mos	3	2	0	5
Tui	2	1	2	5
Rosal (O)	1	1	4	6
Redondela	3	2	2	7
Vigo	3	2	3	8
Guarda (A)	2	2	4	8
Oia	1	3	4	8
Fornelos de Montes	3	3	4	10
Pazos de Borbén	3	3	4	10

1.3.- Núcleo ou entidade de poboación onde se localiza o proxecto.

- Ata 10 puntos.
- Para priorizar os proxectos que se implanten nas áreas máis rurais de cada concello, establécense varios rangos de tamaño dos núcleos de poboación, asignando máis puntuación canto menor é o tamaño dos núcleos (datos do nomenclátor de 2007).

Puntuacións en función da poboación do núcleo	
Puntuación	Poboación do núcleo
0 puntos	Igual o mais de 2500 hab.
3 puntos	Mais de 800 hab. e menos de 2.500 hab.
5 puntos	Mais de 500 hab. e menos de 800 hab.
8 puntos	Mais de 300 hab. e menos de 500 hab.
10 puntos	Menos de 300 hab..

1.4.- Outros criterios xeográficos.

- Ata 10 puntos.
- Este criterio valorarase en función tres indicadores:
 - Distancia ao núcleo do concello de mais poboación (máximo 4 puntos).
 - Zonas non costeiras (máximo 4 puntos).
 - Espacios naturais protexidos (máximo 2 puntos).

Puntuacións en función da distancia ao núcleo de máis poboación do concello	
Puntuación	Distancia ao núcleo do concello de mais poboación
0 puntos	O proxecto atópase no núcleo do concello con mais poboación.
2 puntos	Distancia inferior a 1 km.
3 puntos	Distancia inferior a 1 km., pero superior a 3 km.
4 puntos	Distancia superior a 3 km.

Zonas non costeiras	
Puntuación	Distancia á costa
0 puntos	O núcleo conta con costa.
2 puntos	O Concello conta con costa, pero o núcleo non.
4 puntos	O concello non conta con costa.

Espacios naturais protexidos	
Puntuación	Espacios naturais protexidos
0 puntos	O proxecto nos se atopa preto dun núcleo cun espacio protexido.
2 puntos	O proxecto atópase nun núcleo cóidante cun espacio protexido.
3 puntos	O proxecto se atopa nun núcleo cun espacio protexido.

2.- Características do promotor do proxecto.

- Ata 10 puntos (aínda co conxunto dos criterios poderían sumar 16).
- Este criterio poderá valorarse en función das características do promotor:
 - Xénero (máximo 4 puntos).
 - Idade (máximo 4 puntos).
 - Sufrir algún tipo de minusvalía (máximo 4 puntos).
 - Compromiso do promotor de usar o galego na execución ou desenvolvemento do proxecto, de acordo co previsto no artigo 20.2.1 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia (máximo 4 puntos).

Puntuacións segundo o perfil do promotor	
Puntuación	Perfís (*)
4 puntos	Muller.
4 puntos	Mozo (menos de 40 anos).
4 puntos	Discapacitado.
4 puntos	O promotor comprométese explicitamente a usar o galego na execución ou desenvolvemento do proxecto.

(*) No caso de que o promotor sexa unha entidade xurídica empresarial, bastará que uno dos titulares cumpra o perfil.

(*) No caso de que o promotor sexa unha entidade xurídica asociativa (sen lucro), bastará que uno dos membros da Xunta Directiva, ou órgano similar (diferente da Asemblea) cumpra o perfil.

3.- Incidencia no emprego.

- Ata 25 puntos (aínda co conxunto dos criterios poderían sumar 40).
- Este criterio valorarase en función dos seguintes indicadores:
 - Creación neta de emprego (máximo 20 puntos).
 - Consolidación ou mellora do emprego existente (máximo 5 puntos).
 - Incidencia do emprego neto creado en colectivos desfavorecido (máximo 10 puntos).
 - Emprego creado por axuda solicitada (máximo 5 puntos).

Puntuacións segundo emprego neto creado	
Puntuación	Creación neta de emprego
4 puntos	Creación de 2 ou menos empregos.
1 punto por emprego adicional (ou parte proporcional), cun máximo de 20 puntos	Creación de mais de 2 empregos.

Puntuación segundo consolidación ou mellora do emprego existente	
Puntuación	Número de contratos que pasan de media xornada a xornada completa, e/ou de temporais a indefinidos
0 puntos	Ningún contrato
2 puntos	Un contrato, ou menos (parte proporcional).
3 puntos	Mais dun contrato, e menos de dous.
5 puntos	Dous o mais contratos.

Puntuación segundo incidencia do emprego neto creado en colectivos desfavorecido (*)	
Puntuación	Incidencia en colectivos desfavorecidos
0 puntos	Ningunha das contratación favorece a colectivos desfavorecidos.
3 puntos	Algunha das contratación favorece a colectivos desfavorecidos, pero supoñen menos do 50% da creación neta total.
6 puntos	Entre o 50 e o 70% das contratacións favorecen a colectivos desfavorecidos.
8 puntos	Entre o 70 e o 99% das contratacións favorecen a colectivos desfavorecidos.
10 puntos	O totalidade do emprego neto creado favorece a colectivos desfavorecidos.

(*) Entenderase por colectivos desfavorecidos: mulleres, menores de 40 anos, persoas que sofren algunha discapacidade, e persoas que pertencen a algún grupo social que sufra discriminación histórica.

Puntuación segundo emprego creado por axuda solicitada	
Puntuación	X=Empregos creados por 50.000 € de axuda
0 puntos	$X \leq 1$
2 puntos	$1 < X \leq 2$
3 puntos	$2 < X \leq 3$
4 puntos	$3 < X \leq 4$
5 puntos	$4 < 5$

4.- Impacto sobre o territorio. 25 puntos.

4.1.- Capacidade de arrastre do proxecto.

- Ata de 15 puntos (aínda co conxunto dos criterios poderían sumar 20).
- Este criterio valorarase en función dos seguintes indicadores:
 - Vinculación previa do promotor co territorio (máximo 5 puntos).
 - Aproveitamento de recursos endóxenos da zona (máximo 5 puntos).
 - Orixe dos provedores principais (máximo 5 puntos).
 - Capacidade para favorecer outros sectores económicos ou empresas da zona (máximo 5 puntos).

Puntuación segundo vinculación previa do promotor co territorio	
Puntuación	Vinculación
0 puntos	O promotor non ten ningunha vinculación previa
5 puntos	O promotor naceu, vive e/ou traballa no territorio.

Puntuación segundo aproveitamento de recursos endóxenos da zona	
Puntuación	Aproveitamento de recursos endóxenos
0 puntos	A actividade productiva non aproveita ningún recurso endógeno
2 puntos.	A actividade productiva depende parcialmente dos recursos endóxenos (transformación ou comercialización de producións autóctonas e combinación con produtos doutros territorios).
4 puntos.	A actividade productiva depende directamente dos recursos endóxenos do territorio GDR-18 (aproveitamento da terra, do paisaxe, transformación ou comercialización de producións autóctonas,etc.).
5 puntos	A actividade productiva depende directamente dos recursos endóxenos do seu Concello (aproveitamento da terra, do paisaxe, transformación ou comercialización de producións autóctonas,etc.).

Puntuación segundo orixe dos provedores principais	
Puntuación	Orixe
0 puntos	O promotor non identifica axeitadamente a orixe dos seus promotores, ou facéndoo, valórase que principalmente se nutre no exterior do territorio GDR-18.
3 puntos	O promotor identifica aos seus provedores, e valórase que principalmente se nutre no interior do territorio GDR-18.
5 puntos	O promotor identifica aos seus provedores, e valórase que principalmente se nutre no seu concello.

Puntuación segundo capacidade para favorecer outros sectores económicos ou empresas da zona	
Puntuación	Capacidade motora
0 puntos	Non é posible identificar outros sectores ou empresas do territorio GDR-18 favorecidas coa implementación do proxecto.
3 puntos	Si é posible identificar de xeitos xenérico outros sectores do territorio GDR-18 favorecidas coa implementación do proxecto (existen empresas no GDR-18 que responden o seu perfil de clientes/provedores, pero sen identificar empresas concretas).
4 puntos	Si é posible identificar de xeitos xenérico outros sectores do Concello favorecidas coa implementación do proxecto (existen empresas no mesmo Concello que responden o seu perfil de clientes/provedores, pero sen identificar empresas concretas).
5 puntos	Si é posible identificar de xeitos concreto outros sectores e empresas do Concello e do GDR-18 favorecidas coa implementación do proxecto (é posible identificar empresas concretas como clientes/provedores).

4.2.- Incidencia medioambiental.

- Ata de 10 puntos.
- Este criterio valorarase en función da puntuación acadada polo proxecto, en resposta a unha batería de preguntas.

Batería de preguntas medioambientais		
Dimensións / preguntas	Respostas	
	Sí	No
Percíbese algún impacto ambiental negativo, auga (exemplos):	0	4
O proxecto inclúe a construción de puntos de captación de auga (pozos).		
O proxecto implica incremento do uso de auga para sanitarios (novos lavabos, ou ampliación).		
O proxecto implica a construción dunha fosa séptica.		
O proxecto de obra non define claramente a rede de colectores da instalación (non inclúe plano de canalizacións de auga: captación y vertido).		
Percíbese algún impacto ambiental negativo, residuos (exemplos):	0	4
O proxecto pese a xerar residuos, non os identifica.		
O proxecto pese a xerar residuos, non conta cun plan de xestión de residuos.		
O proxecto pese a xerar residuos, non contempla algunha estratexia de reciclaxe de residuos.		
O proxecto obriga ao promotor a inscribir a actividade en algún rexistro oficial de produtores de residuos.		
Percíbese algún impacto ambiental negativo, atmósfera (exemplos):	0	2
O proxecto implica a construción dunha nova caldeira ou ampliación da existente.		
O proxecto implica algún tipo de combustión que emita residuos á atmosfera.		
Percíbese algún impacto ambiental negativo, natureza (exemplos):	0	5
O proxecto implica a redución da cobertura boscosa (tala de árbores sen substitución)		
O proxecto implica a redución de cuberta vexetal		
O proxecto contribúe negativamente á prevención de incendios		
Percíbese algún impacto ambiental negativo, paixase (exemplos):	0	6
O proxecto implica unha nova edificación		
O proxecto implica el incremento da altura dunha edificación xa existente		
O proxecto implica o incremento do volume edificado dun inmovible xa existente		
O proxecto implica novo cabreado ao aire		
O proxecto implica movemento de terras		
O proxecto implica levantar novos muros ou ampliar os existentes		
Percíbese algún impacto ambiental negativo, son (exemplos):	0	3
A actividade está cualificada como ruidosa.		
A actividade pode supor a concentración de grupos numerosos de persoas		
A actividade implica transformacións mecánicas ou similares produtoras de ruído		
Valoración do impacto ambiental, luz:	0	
A actividade supón a instalación de puntos de luz en espazos abertos		1
TOTAL		24

Puntuación segundo incidencia medioambiental	
Puntuación	Puntos obtidos na batería de preguntas
0 puntos	3 ou menos puntos
2 puntos	Entre 4 e 7 puntos
4 puntos	Entre 8 e 11 puntos
6 puntos	Entre 12 e 15 puntos
8 puntos	Entre 16 e 19 puntos
10 puntos	20 o más puntos

b) Baremo para proxectos non productivos.

1.- Ubicación xeográfica (Ata 40 puntos).

1.1.- Características económicas do concello no que se localiza o proxecto.

- Ata 10 puntos.
- Este criterio valorarase en función do Indicador Municipal de Renda dos Fogares (IMRF) do ano 2002 publicado polo Instituto Galego de Estatística (IGE).

Puntuacións en función do indicador municipal da renda dos fogares ano 2002. Base 2000				
Puntuación	Concellos	Indicador de renda		
0 puntos	Vigo	111		
	Nigrán	101		
(mod) 4 puntos	Redondela		100	
	Oia		98	
	Mos		97	
	Porriño, O		97	
	Soutomaior		95	
	Tui		95	
	Baiona		94	
	Gondomar		94	
6 puntos	Tomíño			89
	Guarda, A			86
	Rosal, O			86
10 puntos	Pazos de Borbén			78
	Fornelos de Montes			63
	Pontevedra			99
	Galicia		100	

1.2.- Características demográficas do concello no que se localiza o proxecto.

- Ata 10 puntos.
- Este criterio valorarase en función tres indicadores relativos á estrutura e dinámica de poboación:
 - Densidade de poboación (máximo 3 puntos).
 - Variación da poboación entre os anos 1991 e 2007 de acordo coas cifras do Padrón municipal de habitantes (máximo 3 puntos).
 - Índice de envellecemento (máximo 4 puntos).

LEADER GALIZA 2007 -2013, GDR-18
NORMAS PARA A XESTIÓN DO PROGRAMA

Puntuacións en función da densidade da poboación				
Puntuación	Concellos	Densidade de poboación (hab./Km2)		
0 puntos	Vigo	2.701,85		
	Redondela	575,57		
1 punto	Nigrán		507,70	
	Guarda (A)		505,17	
	Baiona		343,16	
	Porriño (O)		273,61	
	Mos		272,01	
	Soutomaior		252,20	
	Tui		248,14	
2 puntos	Gondomar			179,48
	Rosal (O)			145,17
	Tomiño			118,68
3 puntos	Pazos de Borbén			62,90
	Oia			37,92
	Fornelos de Montes			24,50
Territorio GDR 18			510,78	
Total territorio excluído Vigo				208,65

Puntuacións en función da variación porcentual da poboación (2001-2007)				
Puntuación	Concellos	Variación da poboación (%)		
0 puntos	Soutomaior	14,39%		
	Gondomar	13,01%		
	Tomiño	12,17%		
1 punto	Baiona		8,16%	
	Rosal (O)		7,97%	
	Nigrán		7,73%	
	Oia		7,53%	
2 puntos	Tui			5,07%
	Guarda (A)			4,06%
	Porriño (O)			4,00%
3 puntos	Mos			3,81%
	Redondela			2,99%
	Vigo			2,54%
	Pazos de Borbén			1,78%
	Fornelos de Montes			-9,53%
Territorio GDR 18				3,92%
Total territorio excluído Vigo				6,38%

Puntuacións en función do indicador de envellecemento 2007					
Puntuación	Concellos	Indicador			
0 puntos	Gondomar	70,87			
	Porriño (O)	71,51			
	Nigrán	78,56			
	Baiona	79,60			
	Mos	84,25			
2 puntos	Redondela		88,41		
	Tui		88,49		
	Tomiño		91,34		
3 puntos	Soutomaior			93,08	
	Vigo			94,02	
4 puntos	Guarda (A)				102,73
	Rosal (O)				102,84
	Oia				136,21
	Pazos de Borbén				141,68
	Fornelos de Montes				189,40
Territorio GDR 18			91,56		
Total territorio excluído Vigo				87,44	

Puntuación segundo as características demográficas do concello (táboa resumen)				
Concellos	Densidade	Variación	Envellecemento	TOTAL
Gondomar	0	0	0	0
Baiona	1	0	0	1
Nigrán	1	0	0	1
Tomiño	0	0	2	2
Porriño (O)	2	1	0	3
Soutomaior	0	0	3	3
Mos	3	2	0	5
Tui	2	1	2	5
Rosal (O)	1	1	4	6
Redondela	3	2	2	7
Vigo	3	2	3	8
Guarda (A)	2	2	4	8
Oia	1	3	4	8
Fornelos de Montes	3	3	4	10
Pazos de Borbén	3	3	4	10

1.3.- Núcleo ou entidade de poboación onde se localiza o proxecto.

- Ata 10 puntos.
- Para priorizar os proxectos que se implanten nas áreas máis rurais de cada concello, establécense varios rangos de tamaño dos núcleos de poboación, asignando máis puntuación canto menor é o tamaño dos núcleos (datos do nomenclátor de 2007).

Puntuacións en función da poboación do núcleo	
Puntuación	Poboación do núcleo
0 puntos	Igual o mais de 2500 hab.
3 puntos	Mais de 800 hab. e menos de 2.500 hab.
5 puntos	Mais de 500 hab. e menos de 800 hab.
8 puntos	Mais de 300 hab. e menos de 500 hab.
10 puntos	Menos de 300 hab..

1.4.- Outros criterios xeográficos.

- Ata 10 puntos.
- Este criterio valorarase en función tres indicadores:
 - Distancia ao núcleo do concello de mais poboación (máximo 4 puntos).
 - Zonas non costeiras (máximo 4 puntos).
 - Espacios naturais protexidos (máximo 2 puntos).

Puntuacións en función da distancia ao núcleo de máis poboación do concello	
Puntuación	Distancia ao núcleo do concello de mais poboación
0 puntos	Trátase do concello de mais poboación.
2 puntos	Distancia inferior a 1 km.
3 puntos	Distancia inferior a 1 km. Pero superior a 3 km.
4 puntos	Distancia superior a 3 km.

Zonas non costeiras	
Puntuación	Distancia á costa
0 puntos	O núcleo conta con costa.
2 puntos	O Concello conta con costa, pero o núcleo non.
4 puntos	O concello non conta con costa.

Espacios naturais protexidos	
Puntuación	Espacios naturais protexidos
0 puntos	O proxecto nos se atopa preto dun núcleo cun espacio protexido.
2 puntos	O proxecto atópase nun núcleo cóidante cun espacio protexido.
3 puntos	O proxecto se atopa nun núcleo cun espacio protexido.

2.- Características do promotor e ámbito de actuación do proxecto. (Ata 20 puntos).

2.1 Características do promotor:

- Ata 10 puntos (aínda co conxunto dos criterios poderían sumar 15).
- Este criterio poderá valorarse en función das características do promotor:
 - Ámbito supramunicipal do promotor (máximo 5 puntos).
 - Obxecto social, defensa ou apoio social a persoas que sofren algún tipo de discriminación, ou colectivos prioritarios (máximo 5 puntos).
 - Compromiso do promotor de usar o galego na execución ou desenvolvemento do proxecto, de acordo co previsto no artigo 20.2.1 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia (máximo 5 puntos).

Puntuacións segundo o perfil do promotor	
Puntuación	Perfís
5 puntos	O ámbito de actuación do promotor é supramunicipal, e o mesmo tempo o proxecto ten o mesmo carácter.
5 puntos	O obxecto social do promotor inclúe o apoio social ou a defensa dos intereses de colectivos prioritarios (*) o que sofren algún tipo de discriminación ou exclusión social.
5 puntos	O promotor comprométese explicitamente a usar o galego na execución ou desenvolvemento do proxecto.

(*) Entenderase por colectivos desfavorecidos: mulleres, menores de 40 anos, persoas que sofren algunha discapacidade, e persoas que pertencen a algún grupo social que sufra discriminación histórica.

2.2. Ámbito de actuación do proxecto

- Ata 10 puntos.
- Co fin de potenciar a vertebración comarcal do territorio, priorizaranse aqueles proxectos cun ámbito de actuación supramunicipal.

Puntuacións segundo o ámbito territorial do proxecto	
Puntuación	Incidencias supramunicipáis
0 puntos	O proxecto céntrase nun so concello (investimentos e beneficiarios).
2 puntos	É posible recoñecer no proxecto, certa incidencia en mais dun concello (p proxecto beneficiará obxectivamente a cidadáns doutros concellos), aínda que a inversión focalízase nun solo.
6 puntos	O proxecto ten unha incidencia claramente identificable (beneficiarios e/ou investimento directo), en dous concellos.
8 puntos	O proxecto ten unha incidencia claramente identificable (beneficiarios e/ou investimento directo), en tres concellos.
10 puntos	O proxecto ten unha incidencia claramente identificable (beneficiarios e/ou investimento directo), en catro o mais concellos.

3.- Impacto sobre o territorio. (Ata 40 puntos).

3.1.- Poboación beneficiada co proxecto:

- Ata 10 puntos.
- Este criterio valorarase en función tres indicadores:
 - Volume total de beneficiarios directos (máximo 5 puntos).
 - Incidencia sobre colectivos determinados (máximo 5 puntos).

Puntuacións segundo volume total de beneficiarios	
Puntuación	Volume de beneficiarios
0	O número de beneficiarios directos é reducido en número, é o impacto contido no tempo (exemplo: organización de eventos concretos).
4	O número de beneficiarios directos potenciais e xenérico (aínda que é posible supoñer que toda a poboación é a beneficiada), e o impacto é dilatado no tempo (exemplo: valorización dun espacio de uso público).
5	O número de beneficiarios directos potenciais e concreto e certo (aínda que estimado), e o impacto é dilatado no tempo (exemplo posta en marcha de servizos para colectivos específicos de cidadáns).

Puntuacións segundo a incidencia sobre colectivos determinados	
Puntuación	Incidencia en colectivos prioritarios ou en risco de exclusión
0	O proxecto non contempla a participación como beneficiarios de persoas (ou colectivos relacionados) de colectivos prioritarios (mulleres, mozos, e persoas que sófrena algunha discapacidade) ou en risco de exclusión social.
2	O proxecto contempla e potencia a participación como beneficiarios de persoas (ou colectivos relacionados) de colectivos prioritarios (mulleres, mozos, e persoas que sófrena algunha discapacidade) ou en risco de exclusión social.
5	O proxecto diríxese especificamente a persoas (ou colectivos relacionados) de colectivos prioritarios (mulleres, mozos, e persoas que sófrena algunha discapacidade) ou en risco de exclusión social.

3.2.- Potencialidade para favorecer o xurdimento de novas iniciativas empresariais e a creación de emprego.

- Ata 10 puntos.
- Este criterio valorarase en función dos seguintes indicadores:
 - Capacidade para favorecer a empresas do territorio, ou a creación doutras novas (máximo 5 puntos).
 - Capacidade para favorecer a cooperación entre empresas (máximo 5 puntos).

Puntuación segundo capacidade para favorecer a empresas do territorio, ou a creación doutras novas	
Puntuación	Capacidade motora
0 puntos	Non é posible identificar sectores ou empresas do territorio GDR-18 favorecidas coa implementación do proxecto, ou novas oportunidades empresariais..
3 puntos	Sí é posible identificar de xeito xenérico sectores ou empresas do territorio GDR-18 favorecidas coa implementación do proxecto, ou novas oportunidades empresariais (existen empresas no GDR-18 que poden aproveitar comercialmente os resultados do proxecto, o promotor é capaz de definir o xeito de aproveitamento, pero sen identificar empresas concretas).
5 puntos	Sí é posible identificar de xeito concreto sectores ou empresas do territorio GDR-18 favorecidas coa implementación do proxecto, ou novas oportunidades empresariais (é posible identificar empresas concretas do territorio que poden aproveitar comercialmente os resultados do proxecto).

Puntuación segundo capacidade para favorecer a cooperación entre empresas	
Puntuación	Incentivos á cooperación empresarial
0 puntos	Non é posible identificar ningún elemento do proxecto que poda valorarse como incentivo á cooperación empresarial.
3 puntos	O proxecto describe algunha estratexias de contacto co tecido empresarial, para animalo a aproveitar economicamente o efecto do proxecto sobre o territorio, pero non se establece un compromiso concreto (identificación das estratexias e calendario).
5 puntos	Contémpanse estratexias para animar ás empresas do territorio a aproveitar economicamente o efecto do proxecto sobre o territorio, dun xeito cooperativo. O proxecto describe os obxectivos e as estratexias, de contacto e un calendario concreto.

3.3.- Incidencia medioambiental.

- Ata 10 puntos.
- Este criterio valorarase en función da puntuación acadada polo proxecto, en resposta a unha batería de preguntas.

Batería de preguntas medioambientais		
Dimensións / preguntas	Respostas	
	Sí	No
Percíbese algún impacto ambiental negativo, auga (exemplos):	0	4
O proxecto inclúe a construción de puntos de captación de auga (pozos).		
O proxecto implica incremento do uso de auga para sanitarios (novos lavabos, ou ampliación).		
O proxecto implica a construción dunha fosa séptica.		
O proxecto de obra non define claramente a rede de colectores da instalación (non inclúe plano de canalizacións de auga: captación y vertido).		
Percíbese algún impacto ambiental negativo, residuos (exemplos):	0	4
O proxecto pese a xerar residuos, non os identifica.		
O proxecto pese a xerar residuos, non conta cun plan de xestión de residuos.		
O proxecto pese a xerar residuos, non contempla algunha estratexia de reciclaxe de residuos.		
O proxecto obriga ao promotor a inscribir a actividade en algún rexistro oficial de produtores de residuos.		
Percíbese algún impacto ambiental negativo, atmósfera (exemplos):	0	2
O proxecto implica a construción dunha nova caldeira ou ampliación da existente.		
O proxecto implica algún tipo de combustión que emita residuos á atmosfera.		
Percíbese algún impacto ambiental negativo, natureza (exemplos):	0	5
O proxecto implica a redución da cobertura boscosa (tala de árbores sen substitución)		
O proxecto implica a redución de cuberta vexetal		
O proxecto contribúe negativamente á prevención de incendios		
Percíbese algún impacto ambiental negativo, paixase (exemplos):	0	6
O proxecto implica unha nova edificación		
O proxecto implica el incremento da altura dunha edificación xa existente		
O proxecto implica o incremento do volume edificado dun inmovible xa existente		
O proxecto implica novo cabreado ao aire		
O proxecto implica movemento de terras		
O proxecto implica levantar novos muros ou ampliar os existentes		
Percíbese algún impacto ambiental negativo, son (exemplos):	0	3
A actividade está cualificada como ruidosa.		
A actividade pode supor a concentración de grupos numerosos de persoas		
A actividade implica transformacións mecánicas ou similares produtoras de ruído		
Valoración do impacto ambiental, luz:	0	
A actividade supón a instalación de puntos de luz en espazos abertos		1
TOTAL		24

Puntuación segundo incidencia medioambiental	
Puntuación	Puntos obtidos na batería de preguntas
0 puntos	3 ou menos puntos
2 puntos	Entre 4 e 7 puntos
4 puntos	Entre 8 e 11 puntos
6 puntos	Entre 12 e 15 puntos
8 puntos	Entre 16 e 19 puntos
10 puntos	20 o mais puntos

3.4.- Incidencia sobre a mellora da súa calidade de vida.

- Ata 10 puntos.
- Este criterio valorarase en función da puntuación acadada polo proxecto, en resposta a unha batería de preguntas.

Batería de preguntas sobre incidencia na calidade de vida		
Dimensións / preguntas	Respostas	
	SÍ	No
Novos servizos:		
¿O proxecto pon a disposición da poboación un novo servizo básico?	1	
¿O proxecto pon a disposición da poboación un novo servizo cultural?	1	
¿O proxecto pon a disposición da poboación un novo servizo de ocio?	1	
Accesibilidade:		
¿O proxecto axuda a reducir a necesidade de desprazamento da poboación para acceder aos servizos básicos, culturais e/ou de ocio?.	1	
¿O proxecto democratiza o acceso a servizos básicos, culturais e/ou de ocio?.	1	
¿O proxecto democratiza o acceso á formación e/ou a educación?.	1	
¿O proxecto facilita o acceso a servizos a persoas que sofren algún tipo de discapacidade ou con mobilidade reducida?.	1	
¿O proxecto contempla medidas explícitas para facilitar a accesibilidade a persoas que sofren algún tipo de discapacidade ou con mobilidade reducida?.	1	
Novas tecnoloxías da información e a comunicación:		
¿O proxecto pon a disposición da poboación un novo servizo básico, culturais e/ou de ocio a través das novas tecnoloxías da comunicación e información?	1	
¿O proxecto mellora o acceso da poboación ás novas tecnoloxías da información e a comunicación?.	1	
Redes sociais:		
¿O proxecto ten unha incidencia positiva na conciliación da vida profesional e familiar?	1	
¿O proxecto favorece a participación social ou reforza as redes sociais?.	1	
TOTAIS	12	0
TOTAL	12	

Puntuación segundo incidencia medioambiental	
Puntuación	Puntos obtidos na batería de preguntas
0 puntos	3 ou menos puntos
2 puntos	4 puntos
4 puntos	5 puntos
6 puntos	6 puntos
8 puntos	7 puntos
10 puntos	8 o mais puntos

2.3. Corrección da axuda por non execución de proxectos PRODER II.

No caso de que o promotor dun proxecto, foxe unha entidade que xa asinara contrato de axuda firme, no marco dos programas PRODER II no territorio MAIV ou no territorio Baixo Miño, e que renunciase ou non executase o referido proxecto, despois de solicitar e obter unha prórroga mais alá dos 18 meses, actuarase do seguinte xeito:

- Reducirase a puntuación obtida polo novo proxecto en 10 puntos.

2.4. Cálculo da axuda.

O importe da subvención calcularase coma unha porcentaxe sobre o investimento considerado elixible.

A porcentaxe de subvención estimarase a partir da puntuación obtida polo proxecto, cos criterios e baremos de selección anteriormente expostos, segundo a táboa que a continuación se presenta.

Os puntos de corte da seguinte táboa, poderán modificarse ao longo do programa, ou adaptase segundo as diferentes tipoloxías de proxecto.

Calquera modificación será aprobada a través dun proceso participativo, será remitida previamente a AGADER para a súa aprobación, e será explicitada a través dunha modificación formal do plan de xestión (para que sexan coñecidas por todos os promotores).

Cálculo da axuda		
Puntos obtidos polo proxecto	% axuda proxectos productivos	% axuda proxectos non productivos
Menos de 30 puntos	Axuda mínima 18 00%	Axuda mínima: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Prioridade alta: 50%. ▪ Prioridade media: 40% ▪ Sen prioridade: 35%
30 o mais puntos e menos de 60 puntos	Repartirase o intervalo de % (27%) de axuda, de xeito proporcional ao intervalo de puntuación (30 puntos)	Repartirase o intervalo de % (50%, 30% e 15%) de axuda, de xeito proporcional ao intervalo de puntuación (30 puntos)
60 o mais puntos	Axuda máxima 45%	Axuda máxima: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Prioridade alta: 100%. ▪ Prioridade media: 70% ▪ Sen prioridade: 50%

Entenderase por “subvención outorgable”, o valor que se obteña de aplicar ao investimento considerado elixible de cada proxecto, a súa respectiva porcentaxe de subvención.

O límite máximo de axudas que poderá acadar un proxecto será o determinado no Capítulo V. Normas para a xestión do programa, apartado 1. Límites de axuda máxima.

Se a subvención outorgable a un proxecto, aplicando o procedemento detallado na anterior, é superior aos referidos límites máximos, a subvención concedida será igual a dito importe máximo.

2.5 Selección final dos proxectos.

Unha vez puntuados os proxectos, outorgaranse as axudas, ata o límite orzamentario anual, do seguinte modo:

- Por regra xeral atenderase a puntuación obtida polos proxectos, de xeito que empezaranse a outorgar as axudas o proxecto con maior puntuación, e así sucesivamente ata esgotar o montante total por tipoloxía de proxecto.
- Ao longo do desenvolvemento do programa, o grupo poderá introducir estratexias que aseguren un axeitado e equilibrado reparto territorial das axudas. Calquera modificación será aprobada a través dun proceso participativo, será remitida previamente a AGADER para a súa aprobación, e serán explicitada a través dunha modificación formal do plan de xestión (para que sexan coñecidas por todos os promotores).

- Consideraranse 4 zonas: zona norte (Redondela, Pazos de Borbén, Soutomaior e Fornelos de Montes), zona centro (O Porriño e Mos, e Vigo), zona Val Miñor (Baiona, Gondomar e Nigrán), e zona Baixo Miño (A Guarda, Oia, O Rosal, Tui e Tomiño).
 - A asociación poderá establecer, que antes de aprobar un segundo proxecto en calquera das referidas zonas, primeiro se aprobarían axudas para o proxecto mellor puntuado de cada zona.
 - De ser o caso, tal extremo sería explícito, e estaría recollido na propio plan de xestión modificado (xa aprobado dende AGADER).
- Co obxecto de evitar que naqueles concellos que se atopen no marco do GAC zona 7, non se produza un sobrefinanciamento.
 - A asociación poderá establecer que antes de aprobar un proxecto en concellos que se atopan no marco do GAC zona 7, primeiro se aprobarían axudas para o proxecto mellor puntuado de cada un dos concellos non costeiros.
 - De ser o caso, tal extremos sería explícito, e estaría recollido na propio plan de xestión modificado (xa aprobado dende AGADER).

3. Principios de obxectividade, publicidade, imparcialidade e libre concorrencia.

3.1. Principios xerais de actuación:

Para o cumprimento dos obxectivos do programa de desenvolvemento rural, tendo en conta o carácter público dos fondos que o financian, a actuación da Asociación deberá garantir os principios de colaboración, imparcialidade, publicidade, transparencia, libre concorrencia, obxectividade, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia. Eses principios plasmaranse, entre outras, nas seguintes normas de actuación da AGDR MAIV BAIXO MIÑO:

- Colaboración cos cidadáns en xeral, e coas entidades públicas ou privadas do territorio, pertencen ou non a Asociación, así como con outros GDR.
- Imparcialidade, de modo que os membros da Xunta Directiva da Asociación deben ausentarse dos debates e votacións daqueles proxectos nos que teñan un interese directo ou indirecto, por motivos de titularidade, económicos ou societarios, de parentesco ata o terceiro grao civil por consanguinidade, afinidade ou adopción, ou de amizade íntima ou inimidade manifesta.
- Publicidade, tanto das convocatorias e regras para a selección de proxectos como dos proxectos subvencionados, así como para as contratacións que deba facer a Asociación.
- Transparencia, materializada en expedientes completos, na ausencia de acordos ocultos, na ausencia de persoas e entidades en debates e acordos que lles afecten e na sinatura por persoa delegada en representación do cargo do órgano de decisión que sexa, á vez, perceptor ou interesado na axuda.
- Libre concorrencia, sen máis limitacións que as que se deriven da convocatoria, tanto para a selección de proxectos como para a contratación, por parte da Asociación, dos recursos humanos ou materiais.
- Obxectividade ou autolimitación da discrecionalidade, mediante a aplicación aos proxectos das normas recollidas no presente documento, en particular dos criterios para a selección e priorización de proxectos, previamente establecidas e feitas públicas, do réxime de axudas e demais normativa de aplicación ao programa, así como da axeitada motivación da selección ou non de cada proxecto.

- Igualdade, de modo que non se dea un tratamento diferente a situacións iguais nin se traten igual situacións diversas.
- Non discriminación, de xeito que non se produzan diferencias de trato fundadas en motivos persoais nin noutras circunstancias alleas ás normas da Asociación para a xestión do programa, en particular dos criterios para a selección e priorización de proxectos.
- Eficacia, en canto que as actuacións deben orientarse directamente á consecución dos obxectivos do programa de desenvolvemento rural, cuantificando as decisións e analizando as súas posibles consecuencias.
- Eficiencia, de xeito que cun menor custo se contribúa a un maior beneficio socioeconómico, en especial entre mulleres e mozos/as, a fin de acadar a mellor proporción entre o rendemento, a utilidade dos investimentos e os gastos de funcionamento.

A estes efectos, tanto a Asociación como os seus socios facilitarán a colocación nos seus taboleiros de anuncios e a inserción nas súas publicacións de cantos documentos, convocatorias, concursos ou anuncios garantan o cumprimento destes principios.

3.2. Selección dos proxectos:

Unha vez aberta a convocatoria de axudas, a selección de proxectos comezará coa presentación de solicitudes no rexistro da Asociación. O equipo de xestión requirirá aos promotores dos proxectos a documentación complementaria e os informes sectoriais pertinentes así como calquera outra actuación propia da instrución dun procedemento administrativo segundo o descrito nos artigos 78 e seguintes da Lei 30/1992.

O técnico en desenvolvemento do equipo de xestión da Asociación encargarse de avaliar as solicitudes de axuda en función do programa de desenvolvemento rural, e das normas para a xestión do programa, en particular os criterios de selección e priorización de proxectos (baremo e regras de asignación de axudas), do Réxime de axudas, así como das demais normas aplicables.

Como resultado desta avaliación elaborará o informe de control de elixibilidade (ICE) e enviarao, xunto coa documentación necesaria para valorar a elixibilidade do proxecto, a Agader para a verificación da elixibilidade deste e da correcta aplicación da normativa correspondente por parte da Asociación.

Cando a Asociación reciba o ICE verificado por Agader, o equipo técnico daralle traslado do ICE, xunto coa documentación que corresponda, á Xunta Directiva para que, na primeira xuntanza que teña lugar, analice e valore as solicitudes de axuda e decida sobre a selección dos proxectos. A antedita decisión trasladarase a Agader, que resolverá a concesión ou denegación da axuda segundo a proposta de resolución da Xunta Directiva. Se o equipo técnico da Asociación, no proceso de instrución e elaboración do ICE, conclúe que o proxecto non é elixible, ou que procede o arquivo do mesmo por non cumprir os requisitos para ser subvencionado ou por desestímulo do promotor, daralle traslado do ICE á Xunta Directiva para que tome o acordo correspondente, decisión que se trasladará a Agader, que resolverá segundo a proposta de resolución da Xunta Directiva, agás que se constate algún erro ou defecto de legalidade na proposta de resolución.

3.3. Contratacións:

Para a contratación por parte da Asociación e coa finalidade de garantir a libre concorrencia, publicidade, transparencia e obxectividade, aplicará a seguintes regras básicas:

a) Contratación de Persoal:

- O procedemento selectivo constará das seguintes partes:

- Proba escrita, centrada sobre materias de desenvolvemento rural e da Asociación, normativa de subvencións e territorio de actuación da Asociación.
 - Entrevista, cun límite do 25% da puntuación máxima do proceso selectivo.
 - Méritos, en relación á experiencia e á formación específica vinculada con programas de desenvolvemento rural, cun límite do 25% da puntuación máxima do proceso selectivo.
- Na comisión de selección preverase un representante de Agader con voz e sen voto.

b) Contratación de outros gastos de funcionamento:

De acordo co parágrafo 3 do artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando o gasto subvencionable exceda de 30.000 €, no caso de obras, ou de 12.000 €, no caso de subministracións, consultaría ou asistencia técnica, a Asociación deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores.

A selección da entidade adxudicataria realizarase segundo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade que rexen a contratación das administracións públicas. Os principios de publicidade e concorrencia materializaranse na publicación de anuncios en medios de comunicación e na concesión dun prazo mínimo de dez días para a presentación de ofertas.

3.4. Cumprimento da normativa aplicable:

Para a xestión do Programa a Asociación terá en conta a normativa comunitaria, estatal, autonómica e local aplicable ás actuacións subvencionables, e en particular as seguintes normas e actos:

- A Decisión da Comisión Europea C (2008) 703, do 15 de febreiro de 2008, aprobatoria do PDR
- As bases reguladoras e a convocatoria da selección de programas de desenvolvemento rural e de entidades colaboradoras, aprobadas polo acordo do Consello de Dirección de Agader do 30 de maio de 2008 (DOG 115, 16/06/2008)
- programa de desenvolvemento rural do GDR18.
- As normas da Asociación para a xestión do programa
- Réxime de axudas
- A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- Regulamento (CE) 1290/2005 do Consello, do 21 de xuño de 2005, sobre o financiamento da política agrícola común
- Regulamento (CE) nº 1698/2005 do Consello, do 20 de setembro de 2005, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrario de Desenvolvemento Rural (FEADER)
- Regulamento (CE) nº 1974/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) nº 1698/2005.
- Regulamento (CE) nº 1975/2006 da Comisión, do 7 de decembro de 2006, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) nº 1698/2005 no que respecta á aplicación dos procedementos de control e a condicionalidade en relación coas medidas de axuda ao desenvolvemento rural.

4. O equipo xestor.

4.1. Organigrama:

Os postos de traballo para a xestión do programa serán:

- 1 Xerente (ou máximo responsable do programa).
- 1 ou 2 técnicos (dependendo do tamaño do programa finalmente aprobado). Dispor de dous técnicos permitiría unha maior diferenciación/especialización entre as actividades de valoración e selección de proxectos, e as de difusión e sensibilización.
- 1 Administrativo - contable.

As características dos postos de traballo que poda contratar o GDR serán as seguintes:

- Xerente ou máximo responsable técnico do programa:
 - Titulación mínima: diplomatura universitaria/ enxeñaría técnica.
 - Salario bruto máximo imputable ao programa: 36.000 €.
- Técnicos:
 - Titulación mínima: diplomatura universitaria/enxeñaría técnica.
 - Salario bruto máximo imputable ao programa: 28.000 €.
- Administrativo:
 - Titulación mínima: bacharelato/FP II.
 - Salario bruto máximo imputable ao programa: 18.000 €.

4.2. Procedemento contratación:

A contratación do equipo xestor do GDR axustarase ás seguintes regras:

- A relación entre o GDR e o persoal terá carácter laboral, non mercantil.
- Selección segundo os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade da convocatoria, para a aplicación do programa no marco do PDR.
- O procedemento selectivo constará das partes definidas no apartado 3.3.a.

4.3. Incompatibilidades:

Aos membros dos órganos de decisión e ao persoal dos GDR aplicaráselles o réxime de incompatibilidades aplicable ao persoal da Comunidade Autónoma de Galicia. En calquera caso, o xerente ou máximo responsable técnico terá dedicación exclusiva e non ocupará cargos electos nos órganos do GDR.

As persoas seleccionadas farán unha declaración na que conste que non están incurso nas causas de incompatibilidade aplicables ao persoal ao servizo da Comunidade Autónoma galega, así como no caso de que cambien as circunstancias que podan afectar á compatibilidade.

5. A Sede.

A asociación tiña a súa sede social no centro de Vigo (Avenida Hispanidade nº 17). Nos novos estatutos, a sede social é un apartado de correos no concello de Gondomar.

Na actualidade estase buscando unha nova sede, a través dun acordo con algunha entidade (Asociación ou Concello), que permita a instalación das oficinas de xestión do novo LEADER 2007-2013.

A día de hoxe, xa existe unha proposta en firme para trasladar a sede e a oficina aos antigos locais sociais da AV de Valadares (Vigo).

Mentres non se tome unha decisión firme, a actividade da asociación desenvolverase na rúa Elduayen nº 36, soto 2, Vigo (Pontevedra).

6. O Plan de comunicación.

6.1. Obxectivos do plan de difusión do programa:

Os obxectivos do plan de comunicación do programa son:

- Fomentar o compromiso e a participación do tecido socioeconómico no desenvolvemento do territorio.
- Dar a coñecer á poboación xeral a existencia do programa LEADER 2007-2013 GDR-18, e as oportunidades que ofrece.
- Animar aos potenciais promotores a poñer en marcha os seus proxectos, co apoio financeiro do programa LEADER 2007-2013 GDR-18.
- Dar a coñecer á poboación xeral os proxectos executados no marco do programa LEADER 2007-2013 GDR-18, e o seu impacto sobre o territorio.

6.2. Identidade corporativa do programa:

A asociación, no marco do programa, contratará o deseño e desenvolvemento dunha "identidade corporativa" ou identidade visual corporativa (IVC).

A identidade corporativa se porá de manifesto no Manual Corporativo, que incluirá:

- Sinais de identidade: Símbolo, logotipo e cores corporativos.
- Identificadores: Conxuntos normalizados de signos de identidade.
- Formato: Sistema regular de proporciones que predominarán nas mensaxes fixas e nas mensaxes audiovisuais.
- Tipoloxía: Tipo de letra seleccionada en función do seu contraste - equilibrio cos signos de identidade.
- Normas tipográficas: Conxunto de regras que proceden do concepto xeral de identidade e da súa materialización sobre o soporte gráfico.
- Elementos gráficos: Motivos a utilizar no deseño gráfico.
- Identidade cromática: Elección de un ou varios cores corporativos (e normalización do seu uso).

Os soportes que máis habitualmente reflectirán a imaxe corporativa son:

- Papelería corporativa (Papel ordinario, papel fax, carpetas, sobres, tarxetas, impresos, documentos normalizados, selos, etc.).
- Comunicación:
 - Xenéricos: Folletos, catálogos, vídeos divulgativos, trípticos, etc.
 - Material para feiras, exposicións e actos públicos: Cartelería, rotulación, pancartas, transparencias, etc.
 - Publicacións: Boletíns ou revistas, informes, etc.
 - Publicidade: Anuncios en periódicos ou boletíns oficiais, carteis, vallas
 - Relaciones Públicas: notas de prensa, memorias para os socios, informes externos, material de patrocinio, etc.
- Distribución: Expositores, carteis, trípticos, etc.
- Elementos especiais: Obxectos promocionais, calendarios, rótulos de mesa e mostrador, tarxetas de identificación, etc..
- Productos: Publicacións de libros, vídeos, cds, etc.
- Sinalización: Letreiros exteriores, letreiros interiores, sinalizadores, etc..

6.3. Que comunicar (As mensaxes):

Principias mensaxes que se queren transmitir a través do plan de comunicación	
Obxectivos de comunicación	Mensaxes
Fomentar o compromiso e a participación do tecido socioeconómico no desenvolvemento do territorio.	Existencia da asociación e os seus fines
	Invitación a ser socio.
	Fomento da participación efectiva na asociación.
	Fomento da participación no desenvolvemento do territorio a través da participación na implementación no programa LEADER 2007-2013
Dar a coñecer á poboación xeral a existencia do programa LEADER 2007-2013 GDR-18, e as oportunidades que ofrece	Existencia do programa
	Contidos do programa
	Publicación da convocatoria
Animar aos potenciais promotores a poñer en marcha os seus proxectos, co apoio financeiro do programa LEADER 2007-2013 GDR-18.	Existencia do programa
	Contidos do programa
	Publicación da convocatoria
	Fomento da presentación de proxectos
	Existencia dunha oficina de xestión e asesoramento
Dar a coñecer á poboación xeral os proxectos executados no marco do programa LEADER 2007-2013 GDR-18, e o seu impacto sobre o territorio.	Proxectos executados en conxunto
	Proxectos executados en particular
	Servicios postos a disposición da poboación

6.4. A quen comunicar (Os públicos destinatarios do plan de comunicación).

Os principais destinatarios dos esforzos de comunicación serán:

Principais destinatarios
Socios da AGDR MAIV BAIXO MIÑO.
Tecido socioeconómico do territorio GDR-18
Poboación xeral e poboación de colectivos específicos (mozos, mulleres, e persoas que sofren algún tipo de discapacidade).
Medios de comunicación.
Decisores políticos.
Potenciais promotores.
Promotores.
Redifusores no mass media.
Prescriptores dos potenciais promotores (empresas consultoras, técnicos de emprego, entidades financeiras, oficinas de asesoramento ao emprendedor, etc.).

6.4. Como comunicar (Canais e medios seleccionados para comunicar).

Canais e medios seleccionados para comunicar
Campañas de mass media (Televisión local, prensa, radio, publicidade exterior).
Relaciones públicas (notas y rodas de prensa).
Publicación en boletíns oficiais.
Publicidade (mailing, cartelería, folletos, etc.).
Novas tecnoloxías (espacios virtuais, correo electrónico y lista distribución).
Distribución de publicacións e de outros produtos resultado.
Visita a eventos (xornadas y ferías).
Organización de eventos (xornadas y ferías).
Publicacións periódicas.
Distribución de informes e comunicados internos.
Convocatorias de órganos de goberno e consulta (Xunta Directiva, Asembleas e mesas sectoriais).
Sinalización.

6.4. Mix de comunicación (Que, a quen e como).

Plan de comunicación: Mix mensaxes / destinatarios									
Mensaxes	Destinatarios								
	Socios	Tecido socioeconómico	Poboación xeral	Medios de comunicación	Decisores políticos	Potenciais promotores	Promotores	Redifusores no mass media	Prescriptores
Existencia da asociación e os seus fines									
Invitación a ser socio									
Fomento da participación efectiva na asociación									
Fomento da participación no desenvolvemento do territorio a través da participación na implementación no programa LEADER 2007-2013									
Existencia do programa									
Contidos do programa									
Publicación da convocatoria									
Fomento da presentación de proxectos									
Existencia dunha oficina de xestión e asesoramento									
Proxectos executados en conxunto									
Proxectos executados en particular									
Servicios postos a disposición da poboación									

Plan de comunicación: Mix mensaxes / canais-medios											
Mensaxes	Canais / medios										
	Campañas de mass media	Relaciones públicas	Boletíns oficiais	Publicidade	Novas tecnoloxías	Distribución produtos resultado	Visita a eventos	Organización de eventos	Publicacións periódicas	Informes e comunicados internos	Convocatorias de órganos de goberno e consulta
Existencia da asociación e os seus fines											
Invitación a ser socio											
Fomento da participación efectiva na asociación											
Fomento da participación no desenvolvemento do territorio a través da participación na implementación no programa LEADER 2007-2013											
Existencia do programa											
Contidos do programa											
Publicación da convocatoria											
Fomento da presentación de proxectos											
Existencia dunha oficina de xestión e asesoramento											
Proxectos executados en conxunto											
Proxectos executados en particular											
Servicios postos a disposición da poboación											

7. Suxeición ás normas e procedementos indicados dende AGADER.

A Asociación actuará conforme ás normas contidas no manual de procedemento Leader, así como, ás regras complementarias que a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural poida establecer en exercicio das súas competencias para facilitar a execución do Programa de Desenvolvemento Rural.

A Asociación utilizará para a xestión do Programa e a xeración da documentación do mesmo as aplicacións informáticas e demais ferramentas multimedia que a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural poda poñer á súa disposición.

8. Uso da lingua Galega.

A asociación comprométese a utilizar a lingua Galega nas súas relacións coa Administración e na implementación do programa. Se achega anexo IH (orixinal e unha copia), debidamente cumprimentado, e asinado pola Vicepresidenta da AGDR MAIV BAIXO MIÑO (en ausencia do Presidente).

Tal e como xa se fixo na xestión do programa PRODER II ADR-MAIV, a seguinte documentación vinculada ao proxecto, redactarase en galego:

- A convocatoria de axuda.
- Os diferentes modelos normalizados.
- As publicacións (BOP, trípticos, carteleira, páxina web, etc..).
- Os informes, de uso interno e externo.
- As comunicacións cos promotores e coa administración galega.
- Etc..

Este extremo está recollido nos propios estatutos da asociación, no que se estende dito compromiso á totalidade da actividade da entidade, tal e como se ven facendo dende a súa constitución (convocatorias de xuntanzas, orden do día, actas, certificados, páxina web, etc.).

VI. PLAN FINANCEIRO

1. Plan financeiro (Anexo IV).

Achégase anexo IV.